

A Guarda e Caminha inician a candidatura do Estuario do Miño coma Paisaxe Cultural Transfronteriza da UNESCO

Vigo inicia catro novos proxectos de comunicación vertical

Páxina 5

Nace en Xinzo a plataforma N120

Páxina 9

UNES organiza a 1ª Ruta da Lamprea

Páxina 12

Folga indefinida en Frigolouro


Páxina 20

IV Ciclo de Concertos de Xoves Intérpretes en Tui

Páxina 26

O xoves 3 de marzo, no Concello da Guarda, o alcalde Antonio Lomba xunto co Presidente da Cámara de Caminha Miguel Alves e Jordi Tresserras, coma representante da Universidade de Barcelona e redactores do proxecto, firmaron o convenio para por en marcha a candidatura do Estuario do Miño coma Paisaxe Cultural Transfronteriza da UNESCO.


Páxina 30



Páxina 25



Páxina 13



Páxina 29

Programas completos

En páxinas interiores

Neste número pódese consultar a programación das principais festas e eventos que se celebrarán na nosa contorna próxima, como as festas de San Telmo de Tui, a Feira do Requeixo e do Mel de As Neves e a Mostra de Cultivos do Baixo Miño



Latorta auténtica siempre en la caja roja

OFERTA ESPECIAL

Latorta

MULTICOLOR

C/ Paseo Matutino, 25 - Ponteareas - 986 18 24 84 - 604 05 39 04 (Susi - Manoli)

 Latorta Café Ponteareas  Parking Gratuito



OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

Iguais ca todos

As persoas que tivemos a sorte de que nos deran unha educación orientada á liberdade responsábel (“Xoanciño, fai o que ti creas que compre, pero non fagas o ridículo”) sentímonos un pouco roibos coa lectura dos whatss enviados polo Xefe do Estado e a súa dona ao seu común amigo López Madrid. Xenro de Villar Mir, penalmente investigado no asunto dos cartóns black de Bankia por gastos sen xustificar superiores aos 34.000 euros e que xa declarara en relación co financiamento ao PP en diñeiro negro na contía de 1,8M€.

Ben, pois toda esta información achábase ao dispór do Rei e da Raíña e, porén, non dubidaron en lle amosar ao

López Madrid o seu apoio, quer considerando merde toda teimuda realidade que se interpuxera co seu amigo, quer convidando xantar ao día seguinte a un individuo deste dubidoso comportamento. E isto só catro meses despois de xurar o mandato real.

Vai para os dous anos o Vello Rei tivo un detalle moi feo: ir cazar elefantes a Botswana coa que estaba a caer. E aos listos do establishment ocorríuselles unha operación para resgatar ao soldado Ryan, quere dicir á Coroa. Porían no seu sitio ao Fillo, home da miña xeración e abondo

preparado. A inmediata distancia que o novo Rei puxo coa súa irmá e o seu cuñado facía albiscar que a remuda lampedusiana podía causar bó efecto aparente.

Mais estas revelacións volven pór ao novo Rei e á súa dona xogar na liga que xogaba o seu pai: a das persoas que se sinten á marxe dos efectos das normas xurídicas e das convencións democráticas. E isto é bastante grave. E non só porque chova sobre mollado. Que tamén.

É grave porque o enorme déficit democrático da Coroa só se vai diluíndo se a Institución é eficaz na plurinacionalidade

española e se é exemplar. Da eficacia na plurinacionalidade non hai moito que falar. Os propios discursos do Xefe do Estado denotan unha visión tan mesetaria coma a do Real Madrid. E agora resulta que a exemplaridade pode porse en cuestión.

Non só teñen que ser exemplares, senón parecelo. Porque, ao pretender ser depositarios da “auctoritas” sen se someter ao escrutinio democrático, non son iguais ca todos.



Iván Vaqueiro

Novamente os datos económicos veñen a confirmar o estado da economía Galega e a fuga de empresas cara outras comunidades e cara o estranxeiro. O último informe do Foro Económico de Galicia, que dirixe o ex presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe, e que conta cun prestixioso número de recoñecidos economistas galegos, ven de alertar fuxida de empresas en Galicia que no último ano, acadaron a cifra de 154 empresas que marcharon de Galicia cara outras comunidades como Madrid, Valencia, Andalucía ou Catalunya, pero tamén cara o país veciño de Portugal.

Un feito no que podemos constatar a mala xestión do solo industrial en Galicia que primeiro se desenvolveu sen planificación algunha, chegando ao paroxismo de polígonos industriais baleiros en moitos concellos galegos, propiciados por uns Xestures provinciais politizados nos que primaban intereses localistas por riba dunha política industrial de país nun intre onde a burbulla inmobiliaria debullaba o país como un solar sen fin, ata o actual IGVS que só se dedica a vender primeiro, e agora a rebaxar o prezo do solo ante a xa evidente fuxida de empresas cara Portugal, deixando a promoción industrial no limbo dos xustos. Por non falar da inoperante acción de entes abstractos creados polas Deputacións e outros organismos como o IPESPO en Pontevedra, SEA, etc..., sen esquecer outras entidades estatais que operan tamén en Galicia, como Zona Franca ou o SEPES. Entidades todas que dispersaban a existencia dunha auténtica e coordinada política galega de xestión e promoción de solo industrial.

Durante anos, fomos testemuña de concellos que tiñan como prioridade absoluta a creación de polígonos industriais coma quen ten un campo de fútbol ou unha biblioteca, sen estratexia de desenvolvemento e especialización dos mesmos, e que co amparo da Xunta de Galicia, se converteron en polígonos mortos e agonizantes nos

O “novo” atraso económico de Galicia

que se afundiron millóns de euros sen enfoque industrial mentres zonas nas que realmente era necesario crear polígonos, xurdían zonas industriais espontáneas (ZIES) que logo, anos despois, había que trasladar a novos polígonos ou transformar urbanísticamente espazos non sempre idóneos para seren polígonos dotados de servizos mínimos. Feito que o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado no ano 2014 nin analizou, nin avaliou nin sequera valorou, obviando con elo calquera enfoque ou marco de colaboración cos ou entre os propios polígonos na procura de políticas de promoción e coordinación e colaboración en moitos aspectos comúns.

A constatación desta evidencia se atopa en que a Consellería de Economía e Industria, que leva a palabra “industria” no seu nome, non só non dispón dunha Dirección Xeral de Industria, senón que esta só ten o rango dunha subdirección xeral (dentro da Dirección Xeral de Enerxía e Minas), a Subdirección Xeral de Administración Industrial, que non ten nas súas competencias máis que as axudar no mantemento de infraestruturas industriais e aspectos relacionados coa normativa aplicable en materia de administración industrial, seguridade industrial e metroloxía legal. É dicir, nin rastro de promoción industrial dos parques empresariais, nin de seguimento de políticas transversais de apoio aos parques, do entorno e necesidades dos mesmos como se contan con servizos de apoio, qué se fai coas zonas de uso público, se contan con garderías, boas comunicacións, etc...

A política de solo industrial da Xunta, centrada no IGVS e anteriormente dos Xestures, é a de poñer solo industrial á venda como calquera outro operador inmobiliario, e unha vez vendido, abandonar aos parques empresariais á súa sorte...Dá igual que queden

baleiros, non teñan servizos, plans de emerxencias, nin entidades xestoras, etc..., o que denota un abandono absoluto da realidade dos parques empresariais galegos que non reciben apoio económico para promover o seu espazo e potencialidades.

Toda vez que salvo honrosas excepcións, como a do Consorcio da Zona Franca de Vigo no deseño e posta en marcha de varios polígonos no pasado ou recentemente do Polígono de Porto do Molle cun obxectivo dirixido a empresas innovadoras, os polígonos industriais carecen moitas veces de enfoques do seu obxectivo estratéxicos. ¿Por qué non un polígono cun obxectivo centrado en empresas do sector agroalimentario, pesqueiro, ou o polígono “lácteo”...? Ou o caso paradigmático de Tecnópole, impulsada polo propio Gonzalez Laxe na súa época de Presidente, que tivo a visión de crear un parque cun obxectivo estratéxico centrado na tecnoloxía e na I+D que hoxe é un exemplo na Galicia interior.

O futuro dos polígonos industriais pasa pola especialización e a xeración de sinerxías entre empresas con cadeas de valor similares e posibilidades de colaboración na procura de solucións innovadoras a problemas comúns e mesmo na colaboración no avance dun I+D+i sectorial conxunto para elevar a potencialidade do país. E para iso sería necesario que a Consellería de Economía e Industria se sentase a negociar cos axentes sociais como a CEG, a patronal de parques empresariais de Galicia, Fegape, e os sindicatos galego CCOO, UXT e CIG na definición de obxectivos, estratexias de promoción e políticas transversais para os parques empresariais galegos.

A dispersión e falla de especialización dos polígonos e un IGape desesperadamente lento e con escaso marxe de financiamento e cun enfoque centrado só nas empresas e non nos espazos industriais amosa o inexacto e

erróneo enfoque dunha economía ancorada no 80% do PIB europeo e que lonxe de converxer, diverxe do estado e da UE.

Esta incomprendible división de competencias entre a exíxua Subdirección Xeral de Administración Industrial en canto aos seus fins, o IGVS e Xestur en canto a creación de solo, e o IGape en canto a inversión e apoio empresarial nos leva a constatar a inexistencia dunha clara política de creación e promoción industrial de Galicia.

O feito de que o actual conselleiro queira impulsar no aeródromo de As Rozas un hub aeroespacial centrado nos avións non tripulados é loable, pero é unha gota no océano de esquecemento dos parques empresariais, que dende o ano 2010, viron como as únicas liñas de axuda á súa xestión eliminaban calquera tipo de “promoción” no obxecto das mesmas, que se destinaba integramente a infraestruturas, é dicir, ladrillo e mantemento para as empresas de construción, pero pechaban a porta a calquera enfoque estratéxico de promoción dos propios polígonos e por ende, das propias políticas públicas autonómicas en xestión de solo.

Un futuro polo tanto, incerto, no que unha recuperación especialmente difusa, unha mala planificación da xeración e promoción de solo industrial e coa alongada sombra do perigo da crise china, non permiten albiscar de momento, un horizonte de converxencia e mellora da economía galega. É por tanto, urxente, non só apostar pola reindustrialización de Galicia, senón tamén, e como fase previa, por unha política pública coordinada de planeamento, desenvolvemento, promoción e coordinación de espazos industriais, sen a cal calquera esforzo que se faga en atraer empresas e proxectos industriais, será a medio prazo, insuficiente.



Xosé González Redondela**Presidente do Foro Enrique Peinador**

As coherencias que nos definen

Hai xestos que é ben que se produguen máis, porque son manifestacións da credibilidade dos discursos políticos. E cando eses feitos se producen é de agradecer e son merecentes do aplauso e recoñecemento. Tal foi o caso que aconteceu na asemblea do BNG celebrada na Coruña. Cando finalizaba a sesión matutina e os congresistas se dispuñan a facer unha paradiña para xantar, desde a mesa congresual pediúselles que nos restaurantes optasen polos produtos etiquetados en lingua galega.

O sucedido, con gran calado pedagógico, ten a súa transcendencia, xa que trasladalles ás persoas a responsabilidade de asumiren un comportamento coherente cos principios que profesan. Só así, desde a asunción persoal do galeguismo en feitos cotiás poderemos transformar

hábitos sociais impropios e alentar a autoestima dos galegos e galegas.

O Foro E. Peinador –Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE) quere agradecer a cantos secundaron a iniciativa con ese exercicio de coherencia.

Economía e lingua deben ir da man. Temos que ser solidarios con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de etiquetaren en galego as súas elaboracións ou que utilizan o noso idioma nas súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.

A oferta de produtos etiquetados en lingua galega vense incrementando significativamente dun tempo para esta parte. E

máis que podería haber se os consumidores as demandas. Duascentas marcas de viños e licores, vermús, sidra, conservas vexetais, aceite, chocolates, cervexas artesás, leite e derivados (queixos, iogures...), cafés, galletas, etc. exprésanse no noso idioma, aquí e nos mercados foráneos.

Cómpre crear unha nova cultura que estimule o consumo responsable e solidario coas marcas que etiquetan en lingua galega. A esta tarefa foron chamados os partidos políticos, centrais sindicais e movementos sociais e culturais, que asinaron a carta do Consumo Responsable. A eles sumáronse unha decena de alcaldes publicando senllos bandos cos mesmos fins alleccionadores.

Na axenda da IRGADE están previstas nos

próximos meses varias accións de grande transcendencia, salientando entre elas unha convocatoria aos alcaldes para asinaren o compromiso de desenvolver accións de galeguización en dous períodos de moito consumo, en verán e nadal; e un acordo co Pen Clube-Galicia para que no congreso internacional que se celebrará en Ourense o próximo outono, que congregará a douscentos cincuenta escritores de todo o mundo, respalden este movemento galeguizador da economía galega e alenten aos consumidores galegos a se identificaren coas marcas que incorporan os nosos valores patrimoniais, ao tempo que proxectar nos mercados internacionais a súa existencia.

**Humor****Martirena****Pere-Albert Barrufet i Lahuerta**

A valeira soberba dun presidente

Por razóns de educación vouno tratar de señor, señor Feijoo sen mais non polo cargo que ten ao fronte da Xunta da Galiza, que para min a devandita merece de todo o meu respecto e simpatía de cidadán e en calidade de emigrante retornado.

Embora vostede por toda a súa vital traxectoria política, social, cultural e lingüística de acoso e atormento da nación galega que preside con malquerencia, de galegocida tencionado, non merece semellante honor, é non vai ser endexamais para min un señor/a, com por exemplo o foi a imortal María Soliña, Rosalía de Castro, Syra Alonso, Amparo Alvajar, Francisca Álvarez, María Araújo, Xela Arias, María Barbeito, Isabel Barreto, María Casares, Maruja Mallo, Hildegard Rodríguez, nas mulleres que non estan todas, nos homes temos a Manuel Curros Enriquez, Alexandre Bóveda, Daniel R. Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Suso Vaamonde Polo, Manuel María, Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Valentin Paz Andrade, Luís Seoane, Ramón Otero Pedraio, Moncho Reboiras, etc. Vostede é un mais dos persoeiros que no logar de servir e adicarse ao vello e primeiro Reino peninsular que foi galiza (agachado pola falsa historia española de Castela), colabora na súa cativa condición de criado, a que o seu amo de Madrid ten prostrada e munxida a mesma, nun secular estado colonial, igoal que padece Ga-

leusca, respecto o devandito, e dicir o estado español, polo momento gobernado en funcións polo seu partido o PP dos corruptos.

Magoa que teña ou gaste vostede tanta arrogancia verbal no día de hoxe, no dicir que as galegas e galegos teñen que facer o deixar de facer o que a vostede lle pete. Que pasa señor Feijoo que é o fillo de deus na terra de Breogán?

Pois non se preocupe semellante altivez vaille durar até as vindeiras eleccións autonómicas 2016, despois das mesmas derrotado polas urnas, vai ficar embora de San Caetano, e se cadra non vai ter mais arranxo que emigrar a Madrid, xunto aos seus, aqueles do PP que aínda non estean na cadea, digo aqueles que non teñen mais sentimentos que odiar ao diferente, vexar e desprezar, e obrigar deica séculos aos fillos de Galiza mulleres, homes e nenos a emigrar. Isto mais que un escarnio é unha vergonza, que ofende a humana intelixencia, sexamos galegos ou non.

E non se esqueza señor Feijoo, Galiza berce dos irmandiños ten dignidade, coraxe e carraxe, teima e arelas de liberdade, e xa está chea e farta de traidores como Franco, Millán Astray, Fraga Iribarne, Rouco Varela, e por último Rajoy o do Prestige, o mesmo que a boa vila de Pontevedra declarou hai pouco "Persona non Grata", e que por suposto eu tamén asino na pedra, para que endexamais se borre.

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldéz, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Son tóxicos os medios de comunicación?

Ben. Trataremos de explicar como entendemos nós este problema que, de entrada, podería parecer unha afirmación un tanto arriscada. Se non estiveramos convencidos disto non faríamos a pregunta. Pregunta da que non esperamos resposta, obviamente. A nosa intención é que vdes. reflexionen sobre o contido da mesma e saquen as súas propias conclusións.

Empezaremos por Madrid e remataremos en Galicia.

Dende que Podemos apareceu no taboleiro político ao diario El País entroulle unha curiosa taquicardia. Non foi quen de conterse; un día si e o outro tamén, vénlle dedicando unha media de dous artigos diarios sempre con tinturas negativas.

A pregunta que nos podemos facer é: Qué lle fixo Podemos a El País para que os seus articulistas “máis preclaros” se alporizasen desa maneira coa chegada de Podemos? Antón Elorza, noutros tempos declarado comunista, afirma que os de Podemos son uns descerebrados; que estáncheos de odio contra o PSOE. Isto non pode valer igualmente para explicar o posicionamento de El País contra Podemos?

É certo que ao PSOE lle foron caíndo polo camiño as letras S e O. Lembremos aquel congreso socialista no que Felipe González puxo como condición, retirar a palabra marxista que aparecía nos documentos do Partido, para seguir sendo Secretario Xeral. Efectivamente, nos gobernos de González atopamos “socialistas-marxistas” confesos coma Solchaga. Corcuera, Boyer, Solana, ...

Foi Felipe González quen aceptou unha bárbara reconversión industrial para entrar en Europa que os galegos sufrimos especialmente. Daquelas augas veñen os lodos que hoxe están asolagando aos nosos sufridos gandeiros, aos produtores de leite, aos nosos asteleiros, a nosa pesca.

Dende sempre o PSOE e El País déronse as mans. O defunto Haro Teglen, deixou dito: “o fenómeno clave da transición é a baixada de pantalóns ideolóxica dos intelectuais adscritos á nómina de Polanco e aos prebes políticos do PSOE. Cara e cruz dunha realidade que só favorece aos IBEX-35, non aos cidadáns de a pé que utilizan o autobús a diario”.

Hoxe sabemos que a esquerda representada pola sociedade soviética e China fracasou. Os seus apoios científicos fallaron. Isto foi aproveitado polo capitalismo máis inmisericorde para entrar a esgalla nas nosas vidas. Agora xa

non lle temen ao coco do comunismo; agora é o mercado, abrazado tamén pola esquerda actual, quen manda.

Os medios de comunicación nas máns do IBEX-35 encárganse, cal sutil alucinógeno, de preparar o terreo. A toxicidade dos actuais medios de comunicación (por terra, mar e aire), agás honrosas excepcións, penetran paseniñamente nas nosas mentes coma un orballo que, sen decatármolos, nos enchoupa. Aquíninguén se preocupa por esta deriva social á que nos enfrontamos.

O capitalismo consumista que domina o mundo lévanos ao desastre como civilización. O esgotamento dos recursos, a contaminación galopante, a perda da biodiversidade (todo isto xa denunciado polo Papa Francisco) non teñen saída a medionin longo prazo. A civilización capitalista camiña cara a súa ruína inevitable. Hoxe o sentido da moral é substituído polo mercado. Desaparece a solidariedade, o espírito de colaboración para resolver as necesidades máis apremiantes de millóns de seres vivos que non teñen horizonte cara ao que camiñar. Desaparece o sentido da xustiza, da honradez, da honestidade. Todos os nosos esforzos como persoas teñen como obxectivo o afán de lucro; a búsqueda do beneficio económico a calquera prezo.

Estamos condeados a asulagarnos nesa sociedade hedonista, sen alma, que nos leva a unha profunda alienación, co anzol do gran trunfo económico e da diversión continua. Isto ou declarar a nosa máis enérxica rebeldía. Xa non se trata só de apoiar opcións políticas máis ou menos decentes; trátase dun cambio total de civilización.

Chegados a este punto volto a erguer a bandeira da educación, da formación cultural que esteamos dispostos a ofrecer as novas camadas que terán que se enfrontar a unha sociedade miserable en canto a valores morais. Os colexios, os institutos, as universidades están chamadas, e teñen a obriga de non faceroidos xordos, diante deste futuro tenebroso que nos agarda, sobre todo aos nosos mozos e mozas que terán que facerse cargo e resolver este tremendo problema social. Os centros educativos son os encargados de dotar de ferramentas axeitadas aos futuros cidadáns para que sexan quen de negarse a que lle inoculen o chip do capitalismo salvaxe; a que sexan quen de separar o trigo da cizaña que os medios de comunicación tratan de venderlles como bálamo de Fierabrás.

Estamos diante dunha civilización perdida. O tema económico que utilizan para mellor domarnos non é a causa senón o efecto; a causa é a falta de valores que arrincaron das nosas mentes cos seus plans inmisericordes; só pensados para aumentar o dominio das nosas vidas.

Está claro que o plano voltaráselles en contra. Isto non é defendible a longo prazo. Algo terá que ocorrer para darlle volta coma a un calcetín.

Falaba ao principio da posición adoptada por El País como medios de desinformación, ou de información tendenciosas que tanto monta... (sen esquencérmolos de La Razón, do ABC, etc.). Pero podemos falar dos medios que aquí, en Galicia, traballan prodromosúa, que dirían os clásicos. Medios que non teñen apenas escrúpulos en sobredimensionar calquera pequena raxeira que atopen nas formacións políticas que non lle bailen as súas grazas. Trátase de defender o penso e os presebes dos que actualmente, dunha maneira escandalosa, se nutren.

Nesta guerra pola súa subsistencia todo vale. A desinformación ou a información manipulada e debidamente condimentada é o seu santo e marca. Hoxe ninguén pon en dúbida que a derrota do goberno bipartito galego produciuse, que casualidade, na provincia da Coruña. Durante a xestión do concurso eólico un membro do goberno, convidado a unha reunión especial na Coruña, tivo a “ousadía”, tal cousa fixo, de manifestar que se alguén quería mandar en Galicia que se presentara ás eleccións. A resposta dos prebostes que alí o citaran non se fixo esperar: atento ás consecuencias. Máis claro auga.

Dende ese momento desatouse unha guerra de infundios, medias verdades, falsedades, etc. que todos coñecemos. Hoxe estamos, estamos chegando en breve, a un momento como aquel se vdes. permanecen atentos ás pantallas e as mensaxes dos medios diarios galegos, sobre todo, vandedecatar, sen moito traballo, de como precociñan os resultados electorais cara ás vindeiras eleccións autonómicas. Hoxe podemos asistir a un curioso modelo de información. Un xornal da capital galega cando ten que falar do Alcalde cidade fala do Alcalde 2.0. Ninsequera, cando se mete con el, ata no carnet de identidade, utiliza o nome do rexidor-compostelán. Por qué? Preguntáranse vdes. Moi sinxelo. Este alcalde, que se chama Martiño Noriega, atreveuse a informar que el non

ía pagar nada aos medios para que falasen ben del. Tal cousa fixo!! Hoxe para esemedio é o Alcalde 2.0.

Pero isto é só un botón de mostra. O mellor está por chegar. Cando se resolvan as cousas en Madrid, dunxeito ou doutro, e cando se convoquen eleccións autonómicas prepárense que a artillería xa leva tempo preparada. Non importa que sexa certo ou mentira. O obxectivo é que os conservadores non perdan o Poder. Serían moitos millóns de euros anuais que non entrarían nos seus petos. Isto, obviamente, para un medio que lle importa un carallo a información correcta e decente, é algo que non están dispostos a perder.

Pepe Mújica aclaraba nunha entrevista que o primeiro requisito da política é a honradez intelectual; se esta non existe todo o demais é inútil porque a longo prazo non hai mellor linguaxe que a verdade. Claro que Pepe Mújica era doutro planeta. Non vivía nun palacio; tiña un coche cun montón de anos; dedicábase a cuidar da súahorta, etc. Unha rara avis que é inaceptable para esta sociedade de consumo e de despilfarro.

Mentres aceptemos que o mellor é ir de compras aos grandes almacéns. Mercar todo tipo de cousas aínda que non as precisemos para nada. Aceptemos como válido que sempre houbo pobres e ricos e así debe continuar o mundo porque iso favorece a competición entre os individuos. Claro que non nos din que lle facemos (mellor, que lle pensanfacen) aos que perden. Algo xa sabemos. Vexansenoneses días como tratan aos miles de refuxiados-vítimas das guerras provocadas polas empresas que logo venden as armas mortíferas que aí se utilizan.

Os refuxiados, senpretendelo, están sendounha proba irrefutable de que esta civilización non ten saída. Confesan que non atopan unha solución acaída para solucionar este tráxico problema humano. Teñen razón. Non poden atopar unha solución nestasociedade que eles mesmos defenden. Non é que non atopen solución é que non hai solución no seu modelo de civilización. Pepe Mújica, dotado cos medios que os dirixentes europeos posúen, tiña arranxado o problema sen despeitearse.

Neste mundo sen alma non hai lugar para os indefensos; só cando poidan ser explotados e sexan produtivos serán tidos en conta.

Sexan felices se poden. Pero ollo aos somníferos que diariamente nos subministran.

Chascarraschás

Fuco Prado



Vigo inicia catro novos proxectos de comunicación vertical

Abel Caballero vén de anunciar novas actuacións dentro do programa Vigo Vertical, co que o goberno local trata de salvar as pendentes da cidade conectando barrios e rúas, que previsiblemente arrincarán ao longo deste ano.

“Unha forma de compactar a cidade, salvando dificultades orográficas”, así se refire o rexedor vigués ao programa Vigo Vertical que o Concello puxo en marcha para mellorar as comunicacións daqueles barrios e rúas marcados pola verticalidade propia da paisaxe urbana olívica.

Caballero deu conta dos proxectos que se están desenvolvendo ou que se están analizando. En primeiro lugar, o goberno local conti-

nuará as escaleiras mecánicas de II República ata a rúa Abeleira Menéndez, unha vez que xa está operativo o primeiro tramo. En segundo lugar, haberá un investimento de 350.000 euros para unir a rúa San Salvador con Pizarro, onde aínda se está estudando a solución técnica (elevador, rampa ou escaleiras mecánicas). Tamén está prevista unha conexión vertical entre Torrecedeira e Pi y Margall por un dos laterais do parque Camilo José Cela, ademais dunhas escaleiras mecánicas entre Marqués de Valadares e a Porta do Sol.

O orzamento municipal para o ano 2016 contempla dotación económica para todas estas actuacións xa que o Concello conta con dúas



ampliacións orzamentarias para poder investir: o superávit do pasado exercicio e o convenio asinado coa Deputación de Pontevedra.

617 alumnos vigueses estudarán inglés coas bolsas municipais

O Concello de Vigo dedica case 1,4 millóns de euros ao financiamento durante este ano de 617 bolsas de idiomas grazas á prórroga dun contrato que permitirá que 300 estudantes de terceiro curso da ESO gocen da experiencia da inmersión lingüística.

O goberno local vigués ten como unha das prioridades da área de educación a aprendizaxe de idiomas, por iso, o presuposto de 2016 destina 1,4 millóns de euros a financiar 617 prazas para estudar linguas no estranxeiro. Do número total de prazas, unha parte será para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, outra parte, a máis numerosa queda reservada para os nenos e nenas do Ensino Secundario Obrigatorio e o resto para os estudantes de Bacharelato. Así, o Concello investirá case 1,4 millóns de euros nun programa que levará a 617 mozas e mozos da cidade a estudar outras linguas, fundamentalmente o inglés, no estranxeiro.

Ao longo deste ano 2016, os estudantes da Escola Oficial de Idiomas recibirán 47 bolsas de estudos; haberá 420 prazas para o alumnado de ESO e outras 150 vacantes para estudantes de Bacharelato que quedaron sen a posibilidade de recibir esta axuda no ano 2013 pola falta de partida orzamentaria, segundo explica o rexedor, Abel Caballero, que amosou o seu “orgullo” polo feito de que o seu goberno sexa quen de posibilitar que Vigo envíe a estudar fóra “a máis alumnos que as comunidades de Madrid e de Cataluña xuntas”, sinalou.

O Concello de Vigo inviste un millón de euros para a creación de emprego en entidades sen ánimo de lucro

A Xunta de Goberno Local vén de aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para promover a creación de postos de traballo en entidades sen ánimo de lucro durante o ano 2016. Están destinadas á cidadanía viguesa que leve empadroadada como mínimo dende o mes de xaneiro de 2015.

Un millón de euros como “primeira partida” para poñer en mar-

cha o plan municipal de fomento do emprego nas entidades sen ánimo de lucro. Este é o investimento que acaba de aprobar o goberno local vigués segundo informou o alcalde, Abel Caballero, nun acordo no que se deu luz verde á convocatoria e ás bases reguladoras das axudas para crear postos de traballo nestas entidades durante o ano 2016.

As subvencións poderán ser so-

licitadas por entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan o seu labor en seis ámbitos diferentes: entidades veciñais e culturais, entidades sociais e asistenciais, organizacións sindicais, entidades empresariais, comunidades de montes e entidades deportivas e serán concedidas en réxime de concorrencia competitiva en función das propostas que realicen. As persoas interesadas en beneficiarse do plan

de emprego municipal deben estar empadroadas no Concello de Vigo polo menos dende o mes de xaneiro de 2015 e poderán consultar as bases e condicións no portal de transparencia e na web municipal.

Abel Caballero puxo en valor os resultados deste programa, específico para as entidades sen ánimo de lucro, o ano 2015 no que se contrataron a 155 persoas e do que se beneficiaron 55 entidades.



REDONDELA/TERRA DE MONTES

REDONDELA

PAZOS DE BORBEN

A Xunta pon ao CEIP de Laredo como exemplo de sensibilización ambiental

Elixen o centro para o acto de asinar un convenio de colaboración entre consellerías
Cada unha das aulas do colexio apadrinou un río galego na iniciativa "Naturézate" e no centro crearon unha microempresa co produto Esencia Lareda

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o conselleiro de Cultura e Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, elixiron o CEIP de Laredo para asinar un convenio de colaboración que servirá de base para os novos proxectos en materia de educación medio ambiental.

Xa se avanzaron pasos coa posta en marcha de varios programas dentro do Plan Proxecto, nos que participan máis de 190 centros educativos e case 11.000 alumnos. Os máis veteranos son Paisaxe e Sustentabilidade e Meteoescolas, que levan en marcha desde o ano 2012, e co que se busca promover a investigación na escola mediante a observación directa do tempo e a meteoroloxía; aos que hai que sumar os programas Proxecto Ríos, impulsado por Augas de Galicia en colaboración con Adegas; o Proxecto Terra, da Secretaría Xeral de Urbanismo e coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos; e por último, Recíclate con Sogama, no que participan máis de 1.000 alumnos de 14 centros.

Co programa Paisaxe e Sustentabilidade quérese facilitar aos alumnos coñecemento sobre as



paisaxes de Galicia, as súas características e a importancia que teñen nas nosas vidas ou como con pequenas accións podemos contribuír a mellorar a paisaxe. Esta iniciativa foi a base para a implantación no actual curso académico da materia, como mesmo nome, de libre configuración autonómica para ESO, "un paso fundamental na divulgación da relevancia da paisaxe", matizou a conselleira. Galicia é a única comunidade autónoma que

imparte unha materia destas características, que actualmente conta con preto de 700 alumnas e alumnos matriculados.

Así para este curso, súmanse dous novos programas Protexe os animais e Naturézate. No primeiro, participan 16 centros e case 1.500 alumnos, e ten por obxectivo asentar valores sobre a responsabilidade que supón ter mascotas e poñer en alerta condutas nocivas como o abandono ou o maltrato animal.

A iniciativa desenvolvida no CEIP de Laredo, dentro de Naturézate, que busca mellorar o coñecemento sobre o medio natural, incrementar a sensibilización ambiental e iniciar ao alumnado no concepto de desenvolvemento sostible; e que ten iniciativas tan interesantes como o apadriñamento dun río galego por parte de cada unha das aulas do centro. "O traballo e os resultados de Naturézate son unha gran motivación para a Xunta a seguir esforzándose e apostando por este tipo de iniciativas", declarou a conselleira de Medio Ambiente.

No CEIP Laredo traballan, ademais, no programa "Eduemprende" coa posta en marcha do proxecto "Esencia Laredo", unha empresa na que participan alumnos de 5º e 6º do primaria e que se dedica á elaboración e comercialización de cosméticos natu-

rais. O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, puxo como exemplo o traballo do colexio de Chapela, onde se fomenta non só o coñecemento, senón tamén valores como o respecto á natureza, a posta en valor dos recursos naturais e a solidariedade. Un xeito máis, segundo o conselleiro, de "sensibilizar" á cidadanía na necesidade de preservar o noso medio ambiente.

Esencia Laredo

O director do CEIP Laredo, Abrahan Domínguez, explica que coa microempresa educativa "Esencia Laredo" os alumnos aprenden de primeira man a experiencia de converterse en emprendedores. Son os rapaces de entre 10 e 11 anos os encargados de producir, promocionar e vender as súas colonias, xabóns e outros produtos manufacturados, como pulseiras e marca-páxinas. Todo o proceso se realiza de xeito sostible e ecolóxico, e os alumnos cultivan no centro as plantas aromáticas. O prezo dos artigos varía entre 1 e 3,5 euros, e os cartos recadados coas vendas terán unha finalidade solidaria. Colaborarán coa asociación Amencer, de familias con nenos con necesidades educativas especiais. Esta asociación de Pontevedra é ademais a encargada de realizar os paquetes e embalaxes nos que se comercializan os cosméticos artesanais.

Pazos de Borbén reforza o servizo de recollida de residuos

O Concello de Pazos de Borbén reforza o seu persoal para os próximos meses grazas á contratación de novos traballadores para o seu servizo de recollida de residuos. A administración local ha podido contratar a nove veciños grazas a unha subvención concedida pola Deputación para concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes a través da Línea 4 do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais.

Os novos efectivos traballarán cun contrato temporal de seis meses e unha xornada do 75 %, o que supón 25 horas semanais. Ao tratarse dunha subvención concreta e pechada descártase a contratación posterior dos traballadores. Entre as tarefas que desempeñarán atópanse as de recollida de residuos, limpeza de mobiliario urbano, parques, xardíns e actuacións de mantemento.

O alcalde de Pazos de Borbén, Andrés Igrexas, defende que con estas novas incorporacións poderase reforzar os servizos e ampliar as actuacións de mantemento en edificios municipais. "Tendo en conta a proximidade do verán e o volume de traballo actual son necesarias estas persoas. Canta máis xente haxa para realizar eses labores, mellor", sinalou.

Todas as persoas contratadas eran desempregadas que non percibían ingresos nin prestacións sociais como o Risga, RAE ou Prepara. A contratación dos traballadores realizouse baixo un estrito proceso de selección regulado pola Deputación de Pontevedra e durante o cal se valoraron distintos aspectos como a preparación e a situación económica persoal e familiar dos candidatos.

O alcalde de Pazos de Borbén mostrouse moi satisfeito e optimista ante esta iniciativa da Deputación e espera que "con accións como esta, que permiten a contratación de novos traballadores, as cifras do paro comezan a descender xa que, do mesmo xeito que en todo o país, o desemprego é o principal problema do noso municipio", dixo.



GONDOMAR

Beatriz Núñez, nova presidenta de Espazo Lectura

A asociación renova a Xunta Directiva e a Presidencia logo de oito anos de actividade

O pasado sábado, Espazo Lectura celebrou unha Asemblea Xeral Extraordinaria de socios e socias que marcou o comezo dunha nova etapa nesta emblemática asociación do Val Miñor –única en toda Galicia polo seu marcado perfil–, asociación que foi recoñecida en diversas ocasións con galardóns como Premio Irmandade do Libro da Federación de Libreiros de Galicia, o Premio Francisco Fernández del Riego da Asociación Galega de Editores e o 2º premio de dinamización sociocultural Everest.

O que define ese cambio de etapa é unha significativa renovación da directiva, coa saída de seis socios-fundadores (dos oito iniciais só permanece un) e o recambio da presidencia, coa marcha de Concha Costas, á que substitúe Beatriz Núñez, que será a que dirixa, a partir de agora, o rumbo deste barco que desenvolve toda a súa acción prol da lectura e do libro, redimensionando, en boa medida, o espazo sociocultural de Gondomar no mapa de Galicia.

Con todo, ningunha das persoas que abandona a directiva se desvencella de Espazo Lectura, xa que permanecen formando parte do Consello Operativo (o órgano consultivo da asociación) e na coordinación de actividades.

A oferta de Espazo Lectura

Antes da Asemblea Xeral Extraordinaria tivo lugar unha Ordinaria, na que se se deu conta ante os socios e socias da programación actividades deste último ano. Esta cuestión resulta relevante para unha asociación cun gran ritmo de convocatoria, que organiza un mínimo de 13 actividades mensuais. Desde fomento da lectura para bebés ata dinamización lectora de adultos, pasando por unha ampla oferta para distintas idades da infancia e adolescencia, Espazo Lectura programa (tanto na Casa da Lectura, na parroquia de Donas, como na Biblioteca Municipal de Gondomar) unha serie de citas coa lectura que se basean na regularidade e continuidade dun proxecto que acaba de cumprir oito anos formalmente ou dez desde a fundación do Contomar (o contacontos semanal que se realiza semanalmente na biblioteca municipal).

A precariedade da Biblioteca Municipal

Esa regularidade converte este proxecto, que parte da iniciativa da sociedade civil, en único en Galicia e desenvólvese (sen máis tregua que o descanso estival) co esforzo desinteresado de vinte e cinco persoas voluntarias nun concello onde a Biblioteca Municipal carece de bibliotecario titulado, carece de orzamento para a compra de libros, non está informatizada e non está incluída na Rede Bibliotecaria de Galicia, a pesar das demandas constantes desde Espazo Lectura nese sentido aos distintos gobernos municipais que se sucederon ao longo destes oito anos, demandas que ata o de agora caeron en saco

roto. A pequena biblioteca que Espazo Lectura abriu en 2009 na súa sede de Donas (Casa da Lectura), que realiza préstamo informatizado, está moito máis actualizada que a propia biblioteca municipal e está integrada, a través do programa Meiga, na rede de Bibliotecas de Galicia.

As difíciles relacións coa Administración

Nese sentido, a presidenta saínte, Concha Costas, manifesta que esa é a parte máis ingrata e desmoralizadora do proxecto, o de «ter que entenderse cunha administración que non acaba de comprender o espírito de Espazo Lectura, que non é capaz de poñelo en valor, nin

rada e rehabilitada pola asociación) nun Centro do Libro e da Lectura, unha iniciativa pioneira en Galicia para á que se realizou un proxecto arquitectónico, rematado, que se desenvolvería en tres fases da man do Estudio de Arquitectura de Javier Franco e Vicente Pintos. Arestora, a iniciativa atópase paralizada xa que require da imprescindible participación das administracións públicas. O proxecto resulta especialmente relevante nun momento en que as bibliotecas están a converterse en mediatecas que, ademais de dinamizar e fomentar a lectura, actúan como apoio na formación da cidadanía e prestan servizos de asesoramento sociolaboral.

biblioteca Municipal só abría en horario de tarde, non tiña usuarios e realizaba o préstamo sen rexistralo. Dez anos despois, cun número de usuarios moito maior que medrou en boa parte a consecuencia da actividade de Espazo Lectura, as condicións da biblioteca apenas melloraron. Nese sentido, a expresidenta Concha Costas resalta que «ter realizado todo este labor ao longo destes dez anos nunhas condicións tan precarias coma esas foi unha tarefa titánica que produce un enorme desgaste na asociación». Malia todo, e aínda que a etapa que comeza agora require, en palabras da nova presidenta Beatriz Núñez, «un período



De esquerda á dereita, Concha Costas, ex-presidenta de Espazo Lectura, Beatriz Núñez, nova presidenta e Yaiza Peixoto, vicepresidenta.

sequera en beneficio do propio Concello, e que mostra en xeral escaso interese pola envergadura dunha programación destas características». De feito, ese é un dos problemas que máis preocupan á nova presidenta, Beatriz Núñez, tal e como quedou de manifesto na Asemblea Xeral Extraordinaria do sábado, moi especialmente dadas as dificultades de comunicación que se están a producir co novo goberno municipal saído das últimas eleccións.

Os proxectos de Espazo Lectura

Espazo Lectura ten dirixido en diversas ocasións un elenco de propostas a todos os grupos municipais do concello cunha serie de medidas encamiñadas a converter Gondomar nunha Vila do Libro ou, no seu defecto, Vila da Lectura pero apenas se avanzou nese sentido desde a administración. Un dos poucos avances que se produciron foi a asunción, por parte do anterior goberno municipal da proposta de transformación da Casa da Lectura e o Museo do Conto, unha iniciativa de Espazo Lectura para converter a súa sede de Donas (ubicada nunha antiga escoliña rural recupe-

Voluntarismo cun orzamento escaso

Algúns dos voluntarios de Espazo Lectura xa consideran «todo un milagre ter chegado ata aquí», dada a escasa implicación da administración en todo o proxecto. Curiosamente, un dos feitos que máis chaman a atención nos distintos foros onde a asociación foi convidada a presentar o seu proxecto (Bilbao, Huesca, A Coruña, Porto, Santiago de Compostela, León, etc) é que se poida levar a cabo unha programación tan intensa cun orzamento tan baixo. Espazo Lectura ingresa arredor de 4.800 euros anuais polas cuotas dos socios e socias que se destinan, principalmente, ás actividades realizadas na Casa da Lectura, e ademais, vén contando, ata o de agora, con 5.000 euros dunha reserva de crédito do Concello de Gondomar aos que Espazo Lectura non ten acceso pero administra para pagar os autores e autoras e os distintos espectáculos que se contratan como complemento da programación, basicamente na Biblioteca Municipal.

Un proxecto ilusionante que dá froitos

Cando Espazo Lectura comezou a realizar programación no ano 2006, a Bi-

para reforzar a renovación do equipo humano de Espazo Lectura», o proxecto lector continúa a ser un proxecto ilusionante, moderno, educativo, pedagógico, cunha profunda vocación social e unha vontade inquebrantable de alcanzar novas metas, moi especialmente nun momento en que as primeiras xeracións de nenos e nenas que comezaron asistindo á actividade fundacional, o Contomar e continuaron logo vencellados ao seu desenvolvemento lúdico-educativo están a chegar xa á Universidade e os resultados son xa tanxibles para as persoas que dedican o seu tempo á asociación. E iso é, sen dúbida, o máis gratificante de tanto esforzo e voluntarismo.

Nova Xunta Directiva de Espazo Lectura

Presidencia: Beatriz Núñez
Vicepresidencia: Yaiza Peixoto
Tesourería: Mar García
Secretaría: Xoán Cruz
Vocalía de Xestión Interna: Cristina Álvarez
Vocalía de Coordinación: Bea Pereiro
Vocalía de Accións Especiais: Fran Alonso
Vocalía de Loxística: Luís Domínguez

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Xunta de Galicia confirma que o paseo do río Tea ten que ser retirado e restituír o espazo á situación anterior

ADENCO trasladará a comunicación ás entidades locais afectadas e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil

O Grupo Ecoloxista ADENCO vén de recibir comunicación do Servizo de Conservación da Natureza dependente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia na que se recoñece o que o colectivo leva defendendo desde hai anos, antes de porse en marcha a construción dun paseo devastador nas beiras do río Tea: a infraestrutura ten que retirarse polo seu impacto no espazo protexido.

Na comunicación recibida hai unha semana, a Xunta constata, tras repetidas visitas que as enchentas, como sempre denunciou este Grupo Ecoloxista, tiveron e

terán un impacto inasumible no espazo. Así, constatouse que existen varios puntos do río no que o xabre desprazouse ata o

cauce, que o entarimado construído foi levantado e arrastrado río abaixo e que varias pasarelas foron arrastradas ou desprazadas.



Adenco comunicou a comezos de ano a todas as administracións implicadas que seguir invertindo nesta infraestrutura é un despilfarro de recursos públicos e un ataque ao espazo natural, polo que se solicitaba a recuperación do espazo, retirando a infraestrutura e devolvendo ás beiras do Tea ao seu estado anterior. E agora a Xunta dános a razón.

No informe, asinado polo Xefe de Servizo da Conservación da Natureza, da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e polo Delegado Territorial, recóllense as seguintes conclusións, literal-

mente:

“É necesario actuar en todo o percorrido das sendas e en particular considérase a restauración de determinadas zonas, volvendo a un sendeiro natural con retirada da senda construída e a retirada do xabre existente entre a senda e o río para evitar novos aportes ao río”

Con estas conclusións, espérase a denegación de calquera permiso para realizar novas infraestruturas, neste espazo natural, que inclúe os ríos Tea e Uma, dentro do LIC Río Tea, incluído na Rede Natura 2000 da Unión Europea.

11 medallas no campionato de España para a Asociación Deportiva Wudang

Jacobo Moo (tres ouros), Paula Sotelino (dous ouros), Belén Arjones (ouro, prata e bronce) e Maikel Cuña (dúas pratas e un bronce), son membros da Asociación Deportiva Wudang de Ponteareas que fixeron parte do combinado galego de Wushu que vén de competir no Campionato de España de selección.

Os deportistas estiveron acompañados do seu adestrador neste club ponteareán, Luis Argüelles, que tamén exerce como seleccionador galego na modalidade de Taolu.



Aberto o prazo de inscrición na Escola Infantil

O prazo para o curso 2016/2017 estará aberto dende o 14 de marzo até o 15 de abril, ámbolos dous días inclusive e poderán solicitar praza todos aqueles pais e nais que teñan fillos e fillas entre os 3 meses e os 3 anos de idade.

Os impresos poderán ser recollidos no Edificio da Escola Infantil Municipal, situada na rúa Escritor Domínguez Benavides, número 1, ou cubertos en liña a través da web municipal (www.ponteareas.gal). Unha vez completados, os formularios deberán ser entregados no Rexistro do Concello de Ponteareas en horario de 09:00 a 13:00 horas, de luns a venres, achegando a documentación solicitada.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección, aplicando os criterios establecidos pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE PONTEAREAS PROGRAMACIÓN CULTURAL

domingo, 27



CINE CLÁSICO: "Amélie", de Jean-Pierre Jeunet.
Con Audrey Tautou, Mathieu Kassovitz, Isabelle Nanty, Rufus Jamel Debbouze.
Auditorio Municipal. 20:00 horas.

luns, 28



CINE INFANTIL: "Piratas".
Animación.
Auditorio Municipal. 18:30 horas.

xoves, 31: DÍA DE BOUZA BREY



ACTO de compromiso xurídico co galego:
"En galego, con todo dereito"
Xardíns dos Xulgados. 18:30 horas.
PALESTRA: "Bouza Brey, xuíz e galeguista".
Intervirán: Carlos Varela, José González e Isabel Blanco.
Casa do Concello. 19:00 horas.

Nace en Xinzo a plataforma N120

Os veciños están dispostos a emprender accións de presión ás administracións

O sábado de marzo presentouse publicamente a Plataforma N120 diante das veciñas e veciños de Xinzo, despois de varias reunións previas entre persoas preocupadas polos dramáticos accidentes acontecidos nos últimos días.

Foi a presentación oficial dunha plataforma que ten como obxectivo mobilizar ás veciñas e veciños levando adiante accións necesarias para que as administracións solucionen os problemas de inseguridade que afectan aos usuarios da N120. Problemas ocasionados polo denso tráfico que circula pola parroquia de Xinzo e que ata o día de hoxe non se puido resolver.

Máis de 200 persoas acudiron á asemblea parroquial convocada polos colectivos que forman a totalidade do tecido asociativo de Xinzo, e que demostrou unha vez máis a resposta e participación



das veciñas e veciños desta parroquia ponteareá.

O primeiro paso que vai tomar a plataforma en vindeiros días será o de convocar unha reunión cos representantes dos colectivos das parroquias de Arnosó e

Areas, xa que as persoas integrantes da plataforma entenden necesaria a participación das veciñas e veciños das tres parroquias, xa que sofren da mesma maneira os inconvenientes que ocasiona unha estrada cun vo-

lume de tráfico de case 20.000 vehículos diarios, e que oficialmente só está para soportar 5.000 vehículos diarios.

Na asemblea veciñal lembrouse que xa hai un longo traballo de cooperación entre as parroquias

de Areas, Arnosó e Xinzo na loita por atopar solucións a este grave problema veciñal.

A plataforma está aberta á participación de calquera persoa que queira aportar ou sumarse a esta reivindicación colectiva.

Ponteareas homenaxe a máis de 10 mulleres do concello

O Auditorio Reveriano Soutullo foi escenario o pasado 13 de marzo dunha merecida homenaxe a máis de 10 mulleres do concello en recoñecemento o seu incansable labor en diferentes eidos, fomentando en moitos casos "a necesaria loita contra as barreiras que aínda hoxe existen na nosa sociedade por cuestións de xénero", tal e como vén de afirmar a concelleira de Igualdade, Verónica Carrera.

O acto foi parte da programación que a concellería de Igualdade desenvolve en torno ao Día Internacional da Muller, que se celebrou o pasado 8 de



marzo.

As homenaxeadas foron María Martínez Camba e Rogelia

Martínez Camba, rexentes da coñecida confitería da vila Dinguilindin; Carmen García No-

gueira, en representación das mulleres que traballaron na leitería de Pías; Eva Carpen-

Allegue, referente nos movementos asociativos na parroquia de Bugarín; Divina Rodríguez Fraguero; activa participante en todo tipo de eventos organizados na parroquia de Prado; María del Carmen Cerdeira Ucha, traballadora da parroquia de Areas; Pilar Rodríguez Rodríguez, traballadora da parroquia de San Mateo de Oliveira; Mari-carmen Zúñiga Rivero, unha loitadora ben coñecida en Celeiros pola súa solidariedade coa veciñanza desta parroquia; e un grupo de mulleres en representación do colectivo de peixeiras da parroquia de Xinzo.

BODEGUILLA
TAPERIA
BERCEO
 Rosalía de Castro, 6
 PONTEAREAS

PULPERIA

 Teléf. 986 660 826

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social
 Mercantil | Contable


ASER GALICIA

C/ Redondela 11, Bajo 36800 Paroventas (Pontevedra)
 Tel. 986 660 015 - Fax: 986 660 571 - aser@asergalicia.com

 C/ Carlos Enriquez 8, Bajo 36402 Salazarra de Miño (Pontevedra)
 Tel. 986 664 392 - Fax: 986 664 286 - aser@asergalicia.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ENTREVISTA POR GUILLERMO RODRIGUEZ

“O Sr. Alcalde está inxerindo as súas propias menciñas”

Juan Carlos Carrera, concelleiro de ACIP

No concello de Ponteareas houbo cambio de goberno o pasado ano. Tempo suficiente como para darlle un leve repaso a como están discorrendo as cousas. Para este menester quen mellor que o concelleiro que xa pasou por todos os cargos da Corporación. Estivo na Oposición, logo pertenceu ao equipo de goberno, con responsabilidades, e agora volta a estar na Oposición. Pensamos que o seu equipo mellor que calquera outro podería darnos unha visión máis axustada da situación. Con esta intencionalidade traemos ás páxinas de NOVAS DE TURONIO unha breve entrevista.

-Sr. Carrera, defíneme o seu partido dende un punto de vista ideolóxico? A ACIP é de dereitas, de esquerdas ou transversal, como se di agora?

-Nos mantémonos nos mesmos parámetros de cando nos presentamos por primeira vez. Daquela existían sectores sociais do concello de Ponteareas que entendían as cousas podían facerse doutra maneira. No meu partido hai xente de esquerdas, de dereitas e outros que puideran chamarse de centro. Nun principio díxose que íamos pactar co PP; non foi así; logo tivemos negociacións co BNG e cos socialistas para conformar un goberno, ... Como pode verse nós seguimos no mesmo punto: traballar polos intereses dos veciños e veciñas de Ponteareas independentemente de como se sintan ideoloxicamente.

Agora sae Podemos e di que o deles é defender as necesidades dos cidadáns sexan dunha ideoloxía ou doutra. Nós xa o fixemos anos antes. Non estamos de acordo con moitas propostas de Podemos pero no que atinxe a defender aos máis necesitados si estamos de acordo.

-Podemos pensar que os afiliados do teu partido puideron votar por Podemos?

-Obviamente. Por Podemos, por Cidadáns, ... nós damos liberdade de voto cando se trata dunha elección xerais.

-Ti eres un político local que tocaches todos os paus do goberno local. Estiveches gobernando, con responsabilidade concreta; logo estiveches na Oposición; agora voltas a estar na Oposición; podemos dicir que coñeces ben as tripas da gobernabilidade deste Concello.

Imos centrarnos en cousas concretas. Por exemplo: tema FCC (empresa da recollida do lixo). O PP di que a empresa está cobrando demais e que ten que devolver cartos; o alcalde di que o Concello lle debe cartos á empresa. Cal é a realidade que ti coñeces ben?

-Non importa o que digan nin quen o diga. A realidade é que o 30/11/2014 tomouse un acordo por maioría de esixir á empresa a actualización da forma de cobro que non era a correcta. O Consello consultivo de Galicia da a razón á Corporación e di que a forma de pago é incorrecta; que estamos pagando demais na factura do

lixo. Máis de cento e pico mil euros ao ano. Ou sexa, hai que facerlle a liquidación a empresa cinco anos, contando o 2015, para atrás. Segundo os técnicos municipais, que non os políticos, esta empresa leva cobrado máis de 800 mil euros ao concello indebidamente.

Que pasa co goberno actual, presidido polo Sr. Represas? Creemos que se equivoca porque argumenta que a empresa reclama ao concello intereses dunha débeda anterior que suman 300 mil euros; pero esquece que a empresa adebeda máis de 800 mil. En resúmen, nós propoñemos que

que logo estes teñen que certificar foron ben empregados. Se faltan por xustificar algunhas cantidades teñen que ser devoltas á propia Facenda do Estado. Non son débedas, son liquidacións pendentes para as que dan longos prazos. Concretamente para esta aparente débeda aprobouse nun pleno pagala en dez anos. Logo non é de recibo saír aos medios dicindo que o goberno anterior deixara unha débeda de 400 mil euros. Este mecanismo de devolución de cartos á Facenda existe á marxe do color do partido que goberne. Cando o goberno anterior solicitaba a

Se a Xunta non se fai cargo porque non atopou quen acudira ao concurso público que fixo, terá que ser o Concello quen siga responsabilizándose, porque se trata dun servizo para os veciños/as, pero acto seguido ten que esixir por medio dun convenio que a Xunta se faga cargo de todos os gastos ata que poida ser adjudicado o servizo a unha empresa ou particular. Aquí o único problema é a distinta cor política do goberno local e o da Xunta de Galicia.

-Respasemos agora outras tirapuxas entre o PP (goberno anterior) e o actual, representado na persoa do Sr. Alcalde.

-O PP denuncia o incumprimento da Alcaldía por non levar a Pleno as mocións que os populares presentan. Din que pasan meses e o alcalde non só nos as inclúe na orde do día senón que as desfigura, tratando de presentar como propio os contidos das mesmas en actuacións do Goberno. Que hai de certo en todo isto? A ACIP tamén lle ocorre o mesmo?

-Aquí dase unha curiosa coincidencia. O que agora fai o Sr. Represas é o que lle criticaba ao anterior goberno, pero moito máis cargado ao bombo. Está na Lei de Administración Local que a Oposición ten o dereito de presentar as mocións que considere oportunas, dentro das limitacións que lle confire o número de concelleiros que teña o seu grupo. O Sr. Represas está probando a súa propia mención de cando estaba na Oposición. Daquela enchíase a boca coa súa representación política que lle permitía esixir ao goberno a aceptación das súas mocións. Entón dicía que el representaba, polo menos, aos veciños que o votaran. O que non pode facer o Sr. Represas é utilizar agora outra vara de medir. Isto non é coherencia política; isto é camaleonismo político.

Retrasar as mocións para darlle tempo ao goberno a remendar, dalgún xeito, o que nelas se denuncia ou se propón e logo declarar, sen poñerse bermello, que non é preciso presentalas porque o seu contido xa está resolto polo goberno, parécenos miserable, politicamente falando.

É certo o que denuncia o PP; e é máis, nós estamos estudando ir a un contencioso diante da negativa do Alcalde a facilitarnos certa documentación que solicitamos. Dinos que é materia reservada. Nós dicímoslle que calquera documento que teña que ver coa vida municipal, por lei, ten que estar a disposición de calquera membro da Corporación. Nad aeu teña a ver co goberno local pode ser secreto para os concelleiros, do goberno ou da Oposición. Así o di a Lei.

-Falemos agora dos novos orzamentos. Xa os coñecedes os da Oposición?

Ata agora deronnos un documento estéril



se lle paguen os 300 mil e se lle cobren os 800 mil. A favor do concello máis de medio millón de euros que son palabras maiores. Cal é a razón de pola que o actual goberno non reclama eses cartos?; por que o Sr. Alcalde non executa ese acordo plenario? Eu podo pensar en moitas cousas que non vou a dicir, pero o que si digo é que o Alcalde está incurruindo nun posible delito de deixación de función que pode resultarlle perigoso. Ten algo que ver todo isto coa folga de basuras do Corpus do pasado ano? Isto terá que respostalo o Sr. Represas.

-Vexamos agora outro tema de disputa entre goberno e Oposición: unha débeda de 400 mil euros á Facenda do Estado que o goberno actual di ser un marrón máis que lle deixou o goberno do PP. Que hai de certo nesta acusación?

-Non existe tal débeda, como a pranteixan dende o goberno. É de funcionamento habitual e legal que a Facenda libre unha cantidade de cartos aos concellos

aprobación do pago de anos anteriores era o BNG quen argumentaba que se estaban hipotecando aos futuros gobernos. Agora solicitan o pago a dez anos. Que cambio, logo? Cambiou que non é o mesmo estar na Oposición que no goberno. Este asunto non debeu saír dos papeis internos do concello porque é unha mentira que se trate dunha débeda herdada.

-Outro tema de discusión local é a Estación de Autobuses. É certo que lle está costando cartos ao Concello? Cantos, aproximadamente?

-A Estación de Autobuses nestes momentos ten un custe ridículo para o Concello. Agora mesmo non hai traballadores e só se paga a limpeza. O concello cobra os alugueres das empresas que alí prestan servizos; non é suficiente pero o que falta é unha cantidade ridícula. O grave é a presenza dun traballador de Protección Civil abrindo e pechando a Estación. Nós estamos en contra disto; entendemos que é unha ilegalidade que está cometendo o Concello.

SALVATERRA DE MIÑO

(ven da páxina anterior)

porque non reflexa nada de nada. Total de ingresos, total de gastos sen especificar en que partidas van ser gastados os cartos, que se vai pagar coa partida de gastos. Canto leva o Capítulo 1 de personal. E así ata o infinito. Fálase da dotar unha partida de gastos sociais con 90 mil euros, coma se iso fora un logro. Nós temos proposto, xa en orzamentos anteriores, que un concello cun presuposto de 13 millóns de euros debe destinar, nestes momentos de crise, polo menos 300 mil euros para o capítulo de gastos sociais. Pedimos que se dote de libros de texto aos alumnos, que son moitos, que non poden mercalos. Hai familias vivindo, mellor malvivindo, en condicións extremas que precisan axuda para comer e para pagar a luz. Esas deben ser as nosas primeiras preocupacións nestes momentos.

Teño noticias de que polas aldeas xa coñecen os presupostos. Está ben; pero cando pensan presentarllelos aos grupos da Oposición? Falo de presentar documentos detallados de ingresos e gastos, non unha folla con cantidades terminais que non se sabe de onde saen as cousas nin canto van pagar os servizos. Resumindo; aquí poderíamos aplicar aquel refrán que di “de detrás de min virá quen bo me fará”. Está ocorrendo. Eu aconsellolle ao Sr. Represas que faga agora o que predicaba cando era Oposición, Nada do outro mundo. Que sexa coherente senon perderá toda estima como político. Un político sen estima non debe ser representante dun pobo.

-Grazas Sr. Carrera. Nós seguiremos informando sobre a vida municipal.

Gala en Leirado

A Asociación de Solidaridade San Roque de Leirado organiza un ano máis a súa Gala Benéfica o día 10 de abril, destinada a recadar fondos para o funcionamento da súa Asociación. Esta organización axuda anualmente a máis de 50 familias da comarca, ademais de colaborar con hospitais de Ucraína.

Esta asociación leva 8 anos traballando a prol dos máis necesitados, coa axuda de diferentes administración e as aportacións de xente anónima, casas comerciais e hospitais.

Esta gala terá lugar na Casa de Cultura de Leirado, Salvaterra de Miño, durante toda a tarde do domingo terán diferentes actividades, como karaoke infantil, a actuación da Banda de Música Xuvenil de Salvaterra, a actuación da cantante infantil Isabel Ojea, o grupo de teatro Pena do Equilibrio de Arcos, as pandereteiras de Vilacoba, o grupo de baile as espontáneas de Fornelos, o cantante Noel Fernández, rematando o grupo Vox Karaoke. Ademais ao longo da tarde terán lugar diferentes sorteos.



Semana Santa 2016
Actividades Infantís Apúntaste??

Campamento Infantil de Semana Santa

Luns 21, martes 22 e mércores 23 de marzo

Horario: De 10.00 a 13.30h
Lugar: Parque Público A Canuda
Idade: A partir de 4 anos

Prazas limitadas. Inscripcións no Concello 986 658 082



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

UNES organiza a 1ª Ruta da Lamprea



Lamprea e ruta no tren turístico con visitas guiadas as pesqueiras, Castelo de Dona Urraca e unha bodega

A Unión de Empresarios de Salvaterra (UNES) vén de organizar a I Ruta da Lamprea que terá lugar entre o 1 de marzo e o 25 de abril e que pretende enxalzar este prezado manxar e proxectar o municipio turisticamente poñendo en valor a súa historia, patrimonio e gastronomía.

Nesta interesante ruta gastronómica, participan sete restaurantes de Salvaterra: A Bodega do Juan, A Canuda, A Miña Lareira, Casa Casqueiro, Casa Lino, El Retiro e O Noso Eido onde os participantes poderán degustar dende a lamprea rechea ata a lamprea á Bordalesa, pasando por outras moitas recetas se ben todas acompañadas de bo viño, sobremesa, café e licores galegos.

Dende a organización ofrécense dúas alternativas para gozar deste singular peixe. A primeira sería ir directamente aos locais participantes (previa reserva) e a segunda, degustar este marabilloso manxar dentro dunha ruta polo concello.

Esta última opción engade á súa parte gastronómica, unha atractiva actividade cultural que, con guía e a bordo do tren turístico, permitirá coñecer mellor o patrimonio etnográfico relacionado coa lamprea, as

"pesqueiras" de pedra do río Miño e as "estacadas" de madeira e ferro que son instaladas cada tempada no Tea, así como o Castelo de Dona Urraca e máis unha bodega do viño do Condado. Todo isto con degustación e seguro de viaxe incluído. O prezo por persoa é de 38€, 20€ no caso de ser menores de idade. A saída do percorrido gastoturístico será ás 10 da mañán.

Para máis información e reservas no teléfono 886 216 447.



Os cativos celebran o día da Muller en Salvaterra



Os cativos de Salvaterra celebraron o Día Internacional da Muller traballadora con dúas actividades na praza do Concello. Un teatro de marionetas cunha historia sobre oficios no que unha muller mecánico arranca o coche dun descreído home que pensaba que as mulleres non podía desempeñar este oficio. O teatro foi moi dinámico, interpelando aos cativos de continuo sobre este tema.



Ademais, os miúdos elaboraron a árbore da igualdade coloreando debuxos con figuras de mulleres que desempeñan distintos oficios. Logo colgáronse todos os debuxos, no tronco anotáronse os nomes dos nenos e nenas e quedou instalado na entrada da casa do Concello de Salvaterra.



Programación da XXV Feira do Requeixo e do Mel

Luns día 14:

Mel e Requeixo miúdo

10:00 h. CEIP Marquesa do Pazo da Mercé. As Neves.

A actividade, que se desenvolverá no CEIP das Neves, será guiada pola cociñeira Rocío Garrido e o produtor de mel José Alfonso. Nela, as mulleres que elaboran o requeixo de xeito tradicional explicarán á cativada de 3 a 11 anos os métodos e as cualidades do produto e, ao mesmo tempo, José Alfonso ensinará e amosará o proceso de produción do mel.

Maridaxe no Sol do Condado

20:00 h. Auditorio Municipal. As Neves. Presentación de viños brancos das tres adegas das Neves (Señorío de Rubiós, Abadía de Tortoreos e Viña Nora) para profesionais de medios de comunicación, hostalaría e restauración. Acompañando a cata, degusta-rase requeixo e mel.

Luns día 21:

Degustación de requeixos

20:00 h. Lugar: EFA A Cancela. Tortoreos, As Neves.

O director gastronómico do restaurante O'Cal-diño de Madrid, Fran Sotelino, elaborará catro pratos con requeixo das Neves amosando as posibilidades culinarias deste produto. Entrada libre ate completar o aforo da aula. Unha vez cubertas as prazas por orde de chegada, poderase asistir en calidade de público.

Mércores día 23:

Actuación da Banda de Gaitas Xarabal

21:00 h. Auditorio Municipal. dirixida por Marcos Campos e integrada por máis de cincuenta instrumentistas.

Venres día 25:

XXV Feira do Requeixo e do Mel das Neves

10:30 h. Apertura da Feira. Amenizada coas actuacións de Tardo d'Es-murga e Ronco&Fol.

12:00 h. Degustación do requeixo con mel.

13:00 h. Pregón a cargo de Inés Abril, co-ciñeira do restaurante Maruja Limón de Vigo que conta con 1 Estrela Michelin e 2 Soles Repsol.

17:00 h. Espectáculos para a cativada: Peter Punk, clown e humorista. Obradoiros: Instrumentos musicais, Barro e cerámica.

18:30 h. Degustación-maridaxe de requeixos e viños amenizada co Concerto de Ronco&Fol.

20:00 h. Clausura da feira.



expert SanFer

986 648 270

R/ Entrecíns, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net

1985 Restaurante Casa Calviño

Gastronomía tradicional
Lamprea a la bordalesa (en su salsa)
Lamprea ahumada (rellena y adobada)
Angulas - Cabrito lechal
Diversidad de vinos de calidad

Tel: 986 648 040 * AS NEVES (Pontevedra)

Marquesa del Pazo, 34
Telf: 986 648 040

36440 AS NEVES
info@casacalvino.es

Estación de Servicio As Neves
N.º 34.628

C/ Laredo 7, As Neves - Pontevedra
Email: e.s.asneves@hotmail.com
Teléfono: 986 648 091

Lavado y aspirado a mano

Repuestos para vehículos (Filtros, aceites, etc)
Mecánica rápida y cambios de aceite

BARCO LEON Pinturas

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN GENERAL

- * Venta y Aplicación de Pintura
- * Papel pintado, Moqueta y Tarima

Omar Jose Fariña Barco obfariña@gmail.com
Telfs: 986 651 145 - 609 366 364 - 986 650 920
C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA - C/ Paseo Matutino, 2 PONTEAREAS

FINANCIACIÓN A SU MEDIDA

CONDADO/PARADANTA

AS NEVES

As Neves conta cun novo vehículo motobomba para a extinción de incendios.

Este vehículo tamén poderá ser usado para outras labores como a de limpeza.

Oscar González, 2º Tenente de Alcalde, Concelleiro de Benestar e responsable da área de medio ambiente recolleu en Silleda o novo vehículo para poder prestar mellores servizos a poboación nevense.

Segundo, o Concelleiro "o camión conta con sistemas moi avanzados, caixa de cambios automática, motor de máis de 200 cabalos, cisterna de 3000 litros e unha bomba de auga que pode alcanzar ata 40 bares de presión".

Neste mes o Concello das Neves porá en marcha un programa de prevención de incendios coordinado coas comunidades de montes coas que se reunirá nas vindeiras semanas, porque ademais da extinción é prioritario a prevención para que o lume non chegue a prender ou se poida apagar con moita máis facilidade e rapidez.



As Neves adica os fondos da Deputación a reparar traídas, ó alumeado e ao tratamento de residuos.

O goberno municipal das Neves, formado por BNG e PSOE ven de solicitar á Deputación de Pontevedra as subvencións encadradas no Plan Concellos 2016 para investimentos.

Entre outros aspectos na liña de investimentos, segundo indica o Alcalde Xose Manuel Rodríguez Méndez, "estará adicada a resolver aspectos esenciais de servizos fundamentais, que cando chegamos ao goberno estaban nun estado de mantemento moi deficitario, como é todo o relacionado con augas, alumeado e lixo, así como a afrontar as reparacións en vías e bens públicos gravemente afectados polo temporal de febreiro.

Realizaranse obras na Estación de Bombeo situada no río Termes en Vide e na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) na Caiña para adaptalas á legalidade e de mellorar a salubridade das augas, como manifesta o Tenente de Al-



calde e Concelleiro de Fomento Eduardo Mariño.

Tamén se procederá a actualizar os cadros de alumeado público para adaptarse a normativa vixente, prestar un servizo eficaz, eficiente e incluso para conseguir reducir a factura eléctrica do Concello nevense.

Oscar González, segundo Tenente de Al-

calde e Concelleiro de Benestar, informa que tamén apostan por mellorar a xestión no tratamento do lixo impulsando a compostaxe, a redución da xeración de lixo, campañas de concienciación para a reciclaxe e creando en tódalas parroquias áreas de reciclaxe delimitadas e sinalizadas onde xestionar cómoda e correctamente os residuos.

O parque infantil de San Pedro de Batalláns foi renovado polo Concello das Neves.

O parque infantil de San Pedro de Batalláns foi renovado polo Concello das Neves.

O Concello das Neves reparou nas últimas semanas o Parque Infantil anexo ao Centro Cultural de San Pedro de Batalláns coa axuda dunha subvención da Deputación para o mantemento e reparación de instalación deportivas e outros. Levouse a cabo a reparación dos elementos, é dicir, lixado, pintado e suxección do tobogán, os columpios e o balancín que se encontraban en estado de deterioro pola falta de mantemento anterior. Tamén se procedeu ao leve descompactado do terreo e aportación de área para deixar a superficie o máis aliñada posible coa pouca inversión da que se dispuña.

Pero a principal actuación, segundo Oscar González, Concelleiro de Benestar e responsable de Deportes e Patrimonio foi dotar ao parque de seguridade para protexer as e aos cativos da forte caída que existía de máis de 1 metro de altura. Para isto colocáronse case 20 metros de baranda de peche de madeira tratada. "A renovación e reparación dos elementos do parque e a seguridade foron as motivacións esenciais da obra".





AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tortoreas

telf: 986 66 74 86
36849 AS NEVES

forjados
hinos.duran s.l.

Ferralla y Forjados
Ladrillos, Tejas, Uralita, Aislantes, Áridos, Aros, Postes...



Santiago de Ribarteme, 1. AS NEVES
Tel. 986 648 150 Fax 986 648 030

e-mail: duran@forjadosduran.com
www.forjadosduran.com

COVELO/MONDARIZ

Covelo reclama a restitución do médico

Desde que no mes de decembro de 2015 se xubilara o médico titular do Centro de saúde de Covelo, os centros de saúde de Covelo e de Maceira están sendo atendidos pola doctora titular do de Maceira, que atende tamén as urxencias e os domicilios en todo o concello. Esta situación foi denunciada insistentemente pola alcaldía e polo Concello en pleno ante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sen que ata agora se recibise comunicación alguna en relación ao asunto.

Diante desta situación, a alcaldía e tódolos grupos políticos do Concello de Covelo decidiron iniciar conxuntamente distintas medidas de manifestación do desacordo da veciñanza co actual servizo de atención médica no

concello de Covelo e existen que se cubra de novo a praza e dispoñer de dous médicos para o concello de Covelo.

Recolleanse sinaturas entre os vecinos e veciñas que serán remitidas á Consellería de Sanidade. Os lugares de recollida serán a Casa do Concello, as farmacias de Covelo e Maceira, o supermercado Tandy en Covelo e calquera dos concelleiros da corporación municipal.

O sábado 19 de marzo uns catrocentos veciños concentráronse na Praza Maior e camiñaron ata o centro de saúde nunha manifestación convocada polo BNG á que se sumaron tódalas forzas políticas do concello, para reclamar ao Sergas que manteña os dous médicos de forma permanente.



Centro de Día e Concello de Mondariz, desenvolveron unha xornada a prol da igualdade

O Centro de Día de Mondariz, en colaboración co Concello de Mondariz, desenvolveu o pasado día 8 de marzo, unha serie de actos encamiñados a resaltar o papel da muller na sociedade e destacar a importancia de acadar unha igualdade real entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

Pola mañá mantiveron unha animada charla coloquio sobre un vídeo que o propio centro gravara o ano anterior. En dito audiovisual explicaban o papel que, ao seu entender, desenvolvía a muller. Ao longo

da charla, tiveron a ocasión de falar sobre aquelas mulleres que deixaron unha pegada na historia como actrices, científicas, deportistas, escritoras....

Xa pola tarde, a segunda tenente de alcalde, Marina Alfaro, mantiña un coloquio cos usuarios do Centro de Día, mentres que a nota musical a poñía a Coral Cantos de Taberna, da Asociación de Maiores de Mondariz, a quen o Concello quere transmitir o seu agradecemento pola súa predisposición a colaborar nun día tan sinalado.



Axespa S.L.

Asesoría, Xestoría e
Servicios da Paradanta, S.L.

Asesoría laboral, fiscal e contable

- Tramitación de todo tipo de subvencións
- Elaboración de proxectos (memorias, estudos de viabilidade, presupostos,...)
- Constitución de empresas
- Tramitación de documentos oficiais
- Asesoramento medioambiental

Praza Maior, 8. 36440 As Neves

Telf: 986.66.46.02- axespa@gilmatica.net

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño será sede permanente da Liga Galega de Baloncesto adaptado

O concelleiro de Deportes e primeiro tenente de alcalde do Porriño asinará un convenio de colaboración coa Federación Galega de Deporte Adaptado (FGDA) para que a vila sexa a sede permanente da Liga Galega de Baloncesto.

Manuel Carrera fixo o anuncio durante a súa asistencia á primeira xornada da Liga Galega de Baloncesto que se disputou hai uns días no Pabellón Municipal.

Carrera salientou o “magnífico traballo” que levan a diante adestradores, directivos e, “especialmente, os deportistas” que contenden a este campionato que terá a súa segunda xornada, en maio e a terceira, en outubro deste 2016, “todas elas no Porriño”.

Nesta primeira parte da competición participaron 17 equipos e 170 xogadoras e xogadores procedentes de toda Galicia, un número que, lembrou o tenente de alcalde, supera o de edicións anteriores, confirmando o aumento constante de practicantes desta modalidade.

Manuel Carrera tamén informou de que o vindeiro día 21 deste mes, en colaboración co Clube AMFIV, o Concello organizará o ‘III Torneo Solidario Concello do Porriño’



de Baloncesto en Cadeira de Rodas. O mesmo se desenvolverá na forma 3x3 e es-

tarán presentes algúns dos mellores xogadores desta disciplina.

As cadetes do Balonmano Porriño, campioas da liga

A un mes do comezo da fase final da Copa da Raíña de Balonmán, que se celebrará no Porriño do 15 ao 17 de abril, empezan as boas novas: o equipo cadete do Club Balonmano Porriño, ven de proclamarse campión da liga regular, o que garante a súa participación na disputa da Campionato de Galicia.

Ademais o equipo participará na ‘Mini Copa da Raíña’, competición que se xogará ao mesmo tempo que a fase final na categoría absoluta e que é a primeira vez que se organiza en paralelo coa mesma.

O primeiro partido das porriñesas será fronte ao Rocasa Gran Canaria, en cuartos de final, tal e como decidiu o sorteo celebrado no Porriño o día 26. No caso de vencer ao Rocasa, o Balonmán Porriño enfrontaríase en semifinais ao gañador do encontro entre Clínicas Rincón de Málaga e Prosetecnisa Zuazo.

O outro equipo galego que disputará a ‘Mini Copa’, o Mecalia Atlético Guardés, se medirá ao gañador do choque Bera Bera e Helvetia Alcobendas. As representantes galegas coincidirán na final se saen vencedoras nos seus dous encontros.

Asemblea do Festival de Cans decidiu concederlle nesta edición o Premio Pedigree, o seu máximo galardón honorífico, á produtora Emma Lustres, unha figura clave no cinema galego actual a través da súa empresa Vaca Films. Xa cunha longa traxectoria, ten colleitado grandes éxitos para as súas producións proporcionándolle unha gran visibilidade a numerosos profesionais galegos. É o caso de filmes como El Desconocido e Celda 211. O festival quere recoñecer a súa sólida carreira e sobre todo o seu labor como impulsora dos creadores galegos, nomeadamente os novos realizadores.

Impulsora dos profesionais galegos

Malia a súa xuventude, Emma Lustres (O Grove, 1975) xa conseguiu multitude éxitos coa súa produtora Vaca Films, coa que recibiu o Goya ao mellor filme por Celda 211, un dos filmes de maior éxito dos últimos anos, que se fixo en total con oito Goyas, incluído o de mellor actor para Luis Tosar. Este ano, xunto co seu socio Borja Pena, volveu lograr

Emma Lustres, Pedigree 2016



oito nominacións con El Desconocido, sen dúbida unha das producións do ano, que conseguiu finalmente dous galardóns, o de mellor montaxe para Jorge Coira e o de mellor son con David Machado formando parte do equipo. Esta producións vén de postu-

larse tamén como favorita nos Premios Mestre Mateo, con 15 nominacións, entre elas as de mellor longametraxe, dirección, interpretación masculina e interpretación feminina. Este é precisamente un dos feitos que o Festival de Cans valora para concederlle o Premio Pedigree, a gran visibilidade e as oportunidades que lles dá como produtora aos profesionais galegos, tanto directores, como técnicos ou actrices e actores.

Dentro desta visibilidade, o Festival de Cans considera a Emma Lustres unha figura incuestionable no apoio aos novos realizadores galegos procedentes das curtametraxes, para apostar polos seus primeiros filmes. Este ano foi Dani de la Torre con El Desconocido, pero con anterioridade destacan Alejandro Marzoa con Somos gente honrada ou Luis Avilés con Retornos. Todos eles pasaron como curtametraxistas polo Festival de Cans e nos casos de Dani de la Torre e

Alejandro Marzoa foron premiados en máis dunha ocasión. É por iso que o festival tamén quere recoñecer expresamente este traballo de Emma Lustres como impulsora dos creadores galegos.

Cuarta muller co Premio Pedigree

Será a cuarta muller que recibe o premio Pedigree, despois de María Bouzas, María Pujalte e Mabel Ribera. O festival avanza así no seu compromiso de potenciar o traballo das profesionais do audiovisual galego, aplicando a medida do seu Decálogo de visibilidade das mulleres que recolle a vontade de que non pasen dúas edicións sen que unha muller reciba este galardón. Emma Lustres recollerá así o testigo Javier Gutiérrez, homenaxeado o ano pasado, e deixará a súa pegada no Torreiro das Estrelas na Noite das Homenaxes, o venres 20 de maio. Continúa así completándose un grupo de recoñecidos Premios Pedigree compartido tamén con Luis Tosar, Celso Bugallo, Antón Reixa, Chete Lera, Xavier Villaverde, Ernesto Chao, Antonio Durán “Morris” e Manuel Manquilha.

ElectroGranxa
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO

Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda.principal - Parcela 259 - Nave 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



O PORRIÑO

Parques e xardíns fumiga 44 palmeiras para previr o picudo vermello

A Concellería de Parques e Xardíns, que dirixe Orlando Vázquez, empezou o tratamento preventivo de 44 palmeiras do Porriño contra a praga de picudo vermello que, dende hai varios meses, espallouse por boa parte da xeografía galega e está a apodrecer estas árbores.

Persoal da empresa Galidés fumigarán todas as palmeiras na primeira parte do tratamento contra o ataque deste insecto, fumigación que debe repetirse en xuño e, unha terceira vez, en setembro ou outubro para asegurarse de que o picudo vermello non afecta as palmeiras, segundo explicou o concelleiro.

Especialistas de Galidés sinalaron que cando a larva do insecto anida no interior da árbore o dano é practicamente irreversible, polo cal, tal e como se indica no protocolo definido polo Goberno de Galicia para atallar esta proliferación, a prevención é o xeito máis afectivo de combatila.

Este tratamento, que terá un custo de 10.000 € anuais, protexe ás palmeiras canarias, ás máis numerosas no Porriño, e as datileiras, que son as que están sendo máis afectadas en toda Galicia polo picudo.

Ademais, da vixianza constante das árbores, a choiva e o frío son outros dous factores que "benefician" a loita contra esta praga que, como poido comprobarse no Levante, espállase con máis virulencia e rapidez en condicións de calor e falla de humidade.



A Alcaldesa asina convenios con dez entidades deportivas do Porriño por un total de 493.500€

A alcaldesa do Porriño, acompañada polo concelleiro de Deportes, asinou este mércores os convenios de axudas municipais a dez entidades deportivas porriñesas.

Para este ano 2016 son 493.500€-o 60% de xeito inmediato- a Baloncesto Porriño, Balonmano Porriño, Pontellas, Atios, Budiño, Patín Porriño, U.D.Mosende, Tenis Porriño, Atletismo Porriño e Club Colombófilo, para podan desenrolar as súas actividades.

A Alcaldesa agradeceu traballo que realizan todos os integrantes das entidades do Porriño "facendo do deporte unha dos nosos sinais de identidade e un motivo de lelicia e orgullo para todos os veciños".

A alcaldesa, subliñou que a aposta "máis decidida" do Goberno local será polo "deporte de base que, ademais de garantir o relevo e a continuidade dos nosos equipos, en cada unha das disciplinas, serve para que inculcar ás nosas rapazas e aos nosos rapaces os valores do compañerismo, o esforzo, a entrega e a solidariedade que acompañan sempre á práctica deportiva". García de la Torre indicou o aumento da transparencia nos requisitos que deben facer os clubs das achegas municipais, "o cal será garantía dunha xestión máis seria e rigorosa".

O Concello acometerá en breve as melloras no Polígono de As Gándaras

O concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, amosou o seu asombro pola quíexa pública feita pola Asociación de Empresarios de As Gándaras, apenas unhas horas despois de él mesmo falase con responsables da devandita asociación, para informarlles de que estaba na percura dunha solución para acometer as obras de mellora dos viais interiores do polígono.

Manuel Carrera explicou, nesa conversa, que os servizos municipais están traballando ao límite dos seus medios por mor dos danos causados polos pasados temporais en todo o concello, que deixaron desprendimento de noiros, desplome de viais, fochancas e cortes nas calzadas de varias parroquias. Maila a elo, como comentou Carrera aos representantes da devandita asociación, o Goberno Local acometerá en poucos días as obras no Polígono.

Este mesmo mércores, a alcaldesa, Eva García de la Torre, asistía á xuntanza da

Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), da que é membro, na que se trataría a avaliación dos danos causados pola choiva, o vento e os asolagamentos das pasadas semanas en varios concellos de Galicia, entre

eles O Porriño.

O concelleiro de Vías e Obras non entende a postura da Asociación de Empresarios de As Gándaras considerando que con este goberno local rematouse a 1ª Fase da saída sur do Polígono e xa se está

licitando a segunda, "obras que non se acometeran con anterioridade", e lembra que, "en todo momento" houbo un contacto directo e habitual coa Asociación de Empresarios e sempre se tiveron en consideración as súas demandas.



LOURIÑA

O PORRIÑO

O Pan do Porriño celebrará a súa primeira festa este verán

Como adiantara o pasado día 25 de xaneiro Eva García de la Torre, coincidindo coa presentación da candidatura do 'Pan do Porriño' para a súa declaración como 'Denominación Xeográfica', o Concello, xunto co Centro Comercial Aberto (Morea) e a Asociación de Comerciantes (ACIPOR), organizará a 'I Festa de Exaltación do Pan do Porriño'.

Nunha xuntanza coa presidenta da Asociación de Comerciantes, Juana Pérez, a alcaldesa estudou a proposta para a organización da Festa, que podería celebrarse no mes de xuño, e que ademais de impulsar o coñecemento deste produto "de altísima calidade" e "un dos nosos signos de identidade", axudaría a mellorar a competitividade do sector, facilitaría a introdución de elementos de maridaxe, con alimentos como os viños, o paté, o queixo ou as confituras, sería o primeiro paso para a creación dun evento con vocación de permanencia no tempo, para consolidar o produto dentro e fora da vila e reafirmaría o seu carácter de produto no Camiño Portugués



a Compostela, nunha zona de paso de moitos turistas e peregrinos.

A Festa contempla a instalación de stands de cada panadería, de maridaxe, unha parte reservada a obradoiro de elaboración do pan, abranguería unha xornada de nutrición sobre o pan como parte dunha dieta saudábel e incorporaría á hostalería local con recetas nas que o Pan do Porriño sería parte dos seus platos.

Eva García de la Torre xa manifestara en numerosas ocasións que esta Festa do Pan do Porriño sería unha parte importante do proxecto do goberno local de potenciar a "marca Porriño" que, salientou, "abrange todo o que temos todo o que somos, polo cal Porriño é coñecido dentro e fora de Galicia e, sen dúbida ningunha, unha deses sinais propios é o noso pan, un dos mellores do mundo".

A Concelleira de Educación asiste a inauguración da nova aula multiusos de Aceesca

A concelleira de Educación, Lourdes Moure, tivo ocasión de coñecer de primeira man o labor que realizan 40 profesores da Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca) e coñecer a parte dos seus 91 alumnos, este xoves, durante a presentación da nova Aula Multisensorial que foi inaugurada nun acto "emocionante, educativo e moi dinámico".

A concelleira visitou a Unidade de persoas con discapacidade intelectual, a de persoas con Pluridiscapacidade intelectual, a Unidade de trastornos do espectro autista, os centros de día, ocupacional e o de Empregabilidade, ademais do departamento de Logopedia, os talleres

de xardinería, manualidades, o ximnasio, a piscina ou o invernadoiro.

Así mesmo, antes delo, no salón de actos, da man de educadores e alumnos, Moure foi unha das participantes nunha actividade de percepción sensorial que tiña como finalidade transmitir as sensacións dun día normal no centro, mediante a captación de olores, texturas e sons, todo cos ollos tapados cun pano para estimular os sentidos do olfacto, o tacto e o ouvido.

Finalmente, a concelleira participou nas funcións que se realizan na nova aula de Multisensorial, que supuxo, como lembrou a directora de Aceesca, un investimento de 45.000 €, aportados por distintas empresas, organizacións e iniciativas cidadás.



A Alcaldesa reúne coa AAVV San Benito e San Sebastián para coñecer as súas actividades para 2016

Cumprindo co seu compromiso coas asociacións veciñais e culturais do concello, a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, seguiu este xoves cos seus contactos cos representantes das mesmas para ter toda a información sobre os seus proxectos e actividades para este ano.

Nesta ocasión os membros da xunta directiva da Asociación Veciñal San Benito e San Sebastián expuxeron o amplo programa que queren levar adiante este 2016 e que abrangue unha gran variedade de actos.

Os mesmos chegarán ao eido da saúde e o coidado persoal coa xa tradicional 'Andaina saudábel', un curso de pilates ou a presenza da asociación, cun stand propio, na Festa Ecolóxica da Vila.

A gastronomía será outra das súas propostas na que cabe salientar a xa famosa Festa Gastro-

nómica do 'Chouripán', que xa tivo unha importante resposta o ano pasado e, coincidindo coa festividade de Defuntos, a Festa do 'Calacú', na que o cabazo será o protagonista.

O Ciclo de charlas e debates 'Ateneo dos Barrios', abrirá a programación cultural, á que se sumarán a 'Semana Cultural dos Barrios' e o I Certame de Relato Curto 'Manuel Otero Saavedra', en lembranza do admirado escritor porriñés, e que está aberto a traballos escritos en galego con temática libre.

A alcaldesa reiterou o compromiso do Goberno local coas asociacións do Porriño e o interese por dar apoio ás moitas das propostas, ideas, actuacións e actividades que as mesmas desenrolan, "o cal amosa a inxenuidade e vitalidade do tecido asociativo do concello".



O PORRIÑO

O Festival de Cans bate o seu récord de curtas inscritas

O festival recibe 215 obras, un 15% máis que o pasado ano, e recuperará a súa sección de animación

O Festival de Cans bate o seu récord de curtas inscritas, pois recibiu na súa convocatoria para as seccións oficiais a concurso un total de 215 producións galegas, o que supón un 15% de incremento con respecto á edición anterior, na que chegaran 184 traballos. Divididas por categorías recibíronse un total de 115 curtametraxes de ficción e non ficción, 14 de animación e 86 videoclips.

Estes datos convidan ao optimismo sobre o ritmo de produción das creadoras e creadores galegos, constatándose un salto significativo con respecto a anteriores convocatorias. É a primeira vez nos trece anos de festival que se superan as 200 obras inscritas, unha cifra considerable tendo en conta que as bases do certame só admiten producións galegas, cuxo director ou directora sexa galego. Igualmente, é a primeira vez que se inscriben máis de 100 curtametraxes de ficción e non ficción.

Por outra parte, rexístrase tamén como dato moi positivo o restablecemento da inscrición dun número considerable de curtametraxes de animación, ademais a meirande parte delas de moi boa calidade. É por iso que a organización está xa en condicións de afirmar que recuperará a súa sección específica. Esta é unha moi boa nova logo de constituír o 2015 o único ano na historia do festival no que non se logrou reunir producións abondas para compoñer a categoría de animación.

Con respecto ao apartado de ficción, segue rexistrándose un gran volume de traballos de creadores galegos que viven e desenvolven a súa actividade profesional

fóra de Galicia. Así o constatan as produción recibidas dende lugares como o Gran Bretaña, Francia, Portugal, Madrid e Barcelona.

O volume de videoclips segue medrando a un ritmo imparable de produción e nun amplo abano de estilos musicais que van do hip-hop á música tradicional, pasando polo pop e o rock, ata chegar ás técnicas de narración audiovisual máis diversas.

Alén das seccións oficiais a concurso, a organización considera que hai unha gran diversidade de traballos moi interesantes que poden entrar nas seccións de programación paralela do festival.

Logo desta primeira aproximación ao material recibido, vaise iniciar agora un proceso exhaustivo de visonado, debate e selección por parte do equipo do festival, ata elixir as obras a concurso, que se darán a coñecer a primeiros de maio.

Incremento nas dotacións

Para esta edición, a organización fixo un esforzo aumentando a contía en metálico dos premios ata os 6.400 euros, en particular cun incremento da dotación do Premio do xurado á mellor curta, que pasará a ser de 2.000 euros fronte ós 1.500 da edición anterior. Este esforzo pretende manifestar o compromiso irrenunciable do festival cos novos cineastas e que o premio supoña unha motivación para poder continuar as súas traxectorias no futuro.

Amadriña un jalpón

A só 70 días da nova edición, o festival continúa contrarreloxo co laborioso e



lento traballo de intentar completar o seu orzamento. Por iso fai un chamamento a empresas privadas e entidades para buscar xeitos de colaboración, principalmente a través da campaña "Amadriña ou apadriña un jalpón". As súas salas de proxección pónense a disposición de posibles patrocinadores como espazo promocional privilexiado. Ao mesmo tempo o organiza-

ción comprométese a buscar propostas á medida de cada colaborador, dende empresas que queiran patrocinar un dos espazos ata pequenos negocios que desexen facer intercambios en especies, poñer un spot nas pantallas das salas ou un anuncio no Canzine, a revista oficial do certame. Quen estea interesado pode contactar a través do mail patrocina@festivaldecans.com.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Os traballadores autónomos de Servicarne que traballan en Frigolouro convocan unha folga

A Alcaldesa recibe aos traballadores e o BNG presenta dúas iniciativas no Parlamento Galego

Oxoves, día dezasete de marzo, os traballadores/as autónomos/as da cooperativa Servicarne, que presta os seus servizos para empresa Frigolouro, do grupo Coren, convocaron folga indefinida dende o 17 de marzo, para reivindicar unhas condicións laborais dignas, denunciar unhas condicións laborais penosas, un ritmo de produción en aumento constante, ausencia de horarios laborais e de salarios fixos.

A empresa Frigolouro do grupo Coren, instalada en Porriño leva desde hai anos contratándolle á empresa catalana Servicarne o servizo de traballadores/as para realizar a maior parte da súa produción. Frigolouro cambia deste xeito traballadores/as de plantilla por autónomos cooperativistas de Servicarne.

O persoal cooperativista de Servicarne denuncia ritmos de traballo escandalosos, con xornadas laborais que saben cando empezan máis non cando remata, os tempos de descanso non son remunerados, baixas por accidente laboral disfrazadas de baixas por enfermidade, non desfrute de vacacións, salarios moi baixos e condicións de traballo denigrantes. Estes falsos autónomos cobran en función do que producen e descoñecen os criterios económicos que utiliza a empresa á hora de pagarlles tendo salarios entre 600 e 900 euros.

A Alcaldesa recibe aos traballadores

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Industria e Comercio, Marcelino Coto, recibiron o pasado venres a representantes do Comité de Empresa de Frigolouro, que acudiron ao encontro acompañados polo secretario comarcal da CIG, Alberte Gonçalves.

Na xuntanza, os traballadores informaron a alcaldesa e ao concelleiro cales son na actualidade as súas condicións laborais, sinalando que a maioría deles son autónomos que prestan os seus servizos á empresa Servicarne nunhas condicións laborais que cualificaron de "insoportabéis".

Eva García de la Torre amosou a súa disposición para poñerse en contacto cos di-



rectivos de Frigolouro e transmitirlles a "inquietudanza" do Concello polo feito de que a metade da plantilla sexa persoal autónomo que, segundo lle transmitirán os seus delegados, teñen que desenrolar a súa labouira nunha situación de "dificultade extrema".

A alcaldesa dirixiuse, logo, aos manifestantes que se concentraran diante do Concello para amosarlles o seu apoio e trasladarlles que "non se pode sortear a legalidade infrinxindo dereitos fundamentais", facendo referencia ao feito de que a maioría dos empregados, como lle expresaran o Comité de Empresa, non teñen garantidas as vacacións, días de lecer e están sometidos a uns horarios que poden chegar as 12 e 14 horas calquera día da semana, mesmo sábados e domingos.

Traballo institucional do BNG

Ante este conflito laboral, as diputadas do Bloque Nacionalista Galego, Montse Prado e Carmén Adán, presentaron o día

18 de marzo, dúas iniciativas no parlamento de Galiza: Unha proposición non de Lei no Parlamento de Galiza instando ao Goberno galego "á implicación e actuación firme e contundente da Xunta de Galiza para rematar coas condicións laborais de escravitude que padecen @s traballadores/as da empresa Servicarne que presta servizos para Frigolouro do grupo Coren. Si algunha das empresas teñen recibido axudas públicas, facer valer as mesmas para esixirlle rematar coas condicións laborais de escravitude na que están @s traballadores/as. O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo a derogación da lexislación laboral que permite condicións laborais infames como as que se viven na empresa Servicarne."

O BNG presenta unha segunda iniciativa ante a comisión de industria do Parlamento Galego formulando as seguintes preguntas: Que opinión ten o Goberno galego das con-

dicións de escravitude na que traballan cada vez máis galegos e galegas?, é coñecedor o Goberno galego da escandalosa situación laboral d@s traballadores/as de Servicarne, que presta servizos para Frigolouro do grupo Coren?, que valoración fai da situación?, considera que se están a respectar os dereitos d@s traballadores/as?, ten realizado algunha actuación a Inspección de Traballo nesta empresa? Si a ten realizado, en que data e cal foi o resultado da mesma?, ten recibido Frigolouro ou COREN algunha axuda de algún departamento da Xunta de Galiza?, de ser así en que concepto, en que cuantía e en que data?, vai facer algunha actuación o Goberno para resolver este conflito laboral?

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presentará no vindeiro Pleno unha moción solicitando da corporación municipal o seu apoio aos traballadores autónomos neste conflito laboral.

Cooperativa Condado Paradanta

36440 As Neves- Pontevedra
Telf: 986 664 602/ 629 813 675

comercial@requesonymiel.com
www.requesonymiel.com

Condado Paradanta

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

Xuntas pola igualdade

As alcaidesas de Mos e Porriño celebran xuntas o Día da Muller

Os Concellos de Mos e do Porriño celebraron esta mañá un acto institucional conxunto e sen precedentes de conmemoración do Día Internacional da Muller. As alcaidesas mosense, Nidia Arévalo, e porriñesa, Eva García de la Torre, partían ás 10.30 horas da mañá da Casa Consistorial do Porriño acompañadas por concelleiras de ambas corporacións municipais para visitar o mercado do Porriño que se celebra tódolos martes e, posteriormente, proceder á lectura de manifestos na Praza de Abastos porriñesa, onde fan a compra diaria de produto fresco a meirande parte dos mosenses e, por suposto, dos veciños e veciñas do Porriño.

Elixíuse a Praza de Abastos do Porriño para conmemorar esta data, segundo declararon as propias rexedoras locais “porque nos parece un lugar simbólico para evidenciar que seguimos sendo nós as que levamos o peso das reponsabilidades do fogar. Hoxe esta praza está chea, é día de mercado, e practicamente todas as persoas que enchen este edificio son mulleres”.

A este respecto consideran tanto Arévalo como García de la Torre que “non é cuestión de recibir axuda, é cuestión de corresponsabilidade e de compartir tarefas. A incorporación da muller ao mercado laboral supuxo un gran avance para todas, pero tamén triplicar as nosas tarefas. Porque seguimos sendo nós as que levamos todo o peso da casa, dos fillos e das persoas que temos a cargo. Ademais, moitas

mulleres aínda se ven na obriga de ter que decidir entre traballo ou familia, entre a súa carreira profesional ou ser nais, de ter que renunciar aos seus traballos por ter que facerse cargo de persoas dependentes”.

Por iso este acto conxunto entre os municipios do Porriño e Mos estivo adicado á igualdade e enmarcado baixo o lema “Xuntas pola igualdade”. Denunciouse durante o mesmo que non haberá igualdade real mentres mulleres e homes non teñan as

mesmas oportunidades para acceder ao mercado laboral e aos postos de decisión. Por valía, non por cuestión de xénero. Non haberá igualdade real mentres as mulleres reciban nóminas inferiores e teñan que demostrar máis polo mesmo traballo, mentres as cifras de desemprego e de temporalidade as lideren as mulleres, mentres as mulleres teñan que elixir entre ser nais ou desenvolver unha carreira profesional, mentres non se garanta a plena conciliación para mulleres e homes, mentres ser muller supoña ter un trato inferior que o que reciben os homes.

Deste xeito alcaidesas e corporativas porriñesas e mosenses afianzaron na xornada conmemorativa de hoxe o seu compromiso de seguir “traballando pola igualdade, porque só desta forma conseguiremos unha sociedade máis xusta”, concluíron.



A policía local de Mos impartiu un curso sobre sistemas de retención infantil nos coches

O pasado 10 de marzo celebrouse no Centro de Saúde de Mos, unha charla formativa sobre sistemas de suxección infantil nos vehículos, impartida pola Policía Local mosense e titulada ‘Coida o que máis che importa’, para concienciar á poboación de que tódolos nenos/as que viaxen en coche deben levar sempre a súa cadeira adaptada e de que os menores con altura igual ou inferior a 135 centímetros deben viaxar obrigatoriamente nos asentos traseiros do vehículo pola súa seguridade. Os sistemas de retención infantil reducen nun 75% as mortes en un 90% as lesións.

A ela asistiron numerosos pais e nais con fillos/as de curta idade, así como futuras nais que se atopan en período de xestación.

Os axentes policiais locais falan de como elixir o sistema de retención máis axeitado, nocións para mercar unha cadeira adecuada, e para instalala correctamente con cintos de seguridade ou Isofix, os sistemas específicos para cada grupo de idade ou de como empregar o cinto de seguridade durante o embarazo.

Os policías mosenses concluíron a súa exposición con cinco regras de ouro sobre os sistemas de retención infantil que son empregar sempre o sistema de retención infantil axeitado á altura e peso do/a neno/a, colocar o maior tempo posible a cadeira en sentido contrario á marcha, asegurarse de que a cadeira está ben anclada ao vehículo e que o neno/a vai ben suxeito/a, vixiar os traxectos curtos e dar exemplo ós cativos poñéndose sempre o cinto.

Cogami estrea instalacións en Mos

Sitas no Rebullón, contan con centros ocupacional e de día, vivenda tutelada e aulas de formación

O pasado 14 de marzo celebrouse unha visita institucional ás novas instalacións de Cogami (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) no Rebullón, que contou coa asistencia da alcaidesa de Mos, Nidia Arévalo, a concelleira de Política Social, Sara Cebreiro, a concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, Julia Loureiro; Ángel Holguera, presidente provincial de Cogami e Celso Álvarez, coordinador de Cogami en Pontevedra.

A mellora da sede de Cogami no antigo Complexo do Hospital Psiquiátrico do Rebullón realizouse para realizar unha adaptación das instalacións para Centro de Recursos para a Discapacidade composto por unha Vivenda Tutelada e un Centro de Atención Diurna que engloba as áreas de Centro de Día, Centro Ocupacional e Aulas para Formación Profesional Ocupacional.

Estes espazos están situados dentro da parcela común que acolle tódolos edificios do citado centro hospitalario e, coa reali-

zación dos traballos, non se incrementou a superficie construída dos edificios, xa que tódolos cambios introducidos conservaron a envolvente definida no proxecto inicial.

O novo Centro de Día dispón de 34 prazas, o Centro Ocupacional 22 prazas e a Área de Formación e Emprego está formada por unha aula homologada.

Estas dependencias distribúense en diferentes prantas: semisoto, pranta baixa, pranta alta e pranta de cubertas.

Ademais de licenza de obra e de primeira ocupación, estas novas intalacións de Cogami no complexo do Rebullón contan con autorización autonómica previa para a rehabilitación e ampliación de dous edificios existentes para uso de centro de recursos para discapacidade, sito na Avenida do Rebullón.

As dependencias ocupadas por Cogami no Rebullón lle foron cedidas polo Sergas á asociación mediante a sinatura dun con-

venio.

As novas instalacións, que xa se atopan en funcionamento, contan cunha media de 80 usuarios semanais que pasan por elas, tal e como informaba hoxe Celso Álvarez.

Tras a visita, as representantes municipais declararon sentirse “orgullosas de

contar no Concello de Mos cunha sede da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade dotada dunhas instalacións tan completas e modernas para un fin tan encomiable e necesario como é a integración, apoio e formación dos diminuídos/as”.



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda bota a andar o Programa “Cultiva a mente”



Sesiões os martes de 11 a 12:30 no C.S.A. A Devesa

A Concellaría de Benestar Social do Concello de Salceda de Caselas ven de anunciar a posta en marcha dun novo programa dirixido ás persoas maiores do municipio. O taller “Cultiva a mente” nace como un proxecto que engloba a prevención da demencia e a promoción de hábitos saudables a nivel cognitivo e emocional. Os usuarios serán participantes activos, inmersos nun programa formativo que explorará as preocupacións e necesidades de cada individuo, proporcionando una resposta que sexa extrapolable ó seu día a día e proporcione hábitos saudables no plano cognitivo e no afectivo.

O programa vai dirixido ás persoas maiores de 65 anos sen deterioro cognitivo, interesadas na prevención deste deterioro e no coñecemento do envellecemento activo. Levarase a cabo os martes a partires das 11:00 no centro Social da Devesa, e correrá a cargo de AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras doencias). As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición no Rexistro Xeral do Concello, lembrándose que as prazas son limitadas e que se asignarán por orde de inscrición. O programa está financiado pola Deputación de Pontevedra, dentro do Plan Concellos 2016.

“Cultiva a mente” ven a ampliar a oferta feita para a terceira idade, para a cal se está a poñer en marcha tamén a “Escola de Maiores” no CDL do Torrón en colaboración coa Asociación de Xubilados e Pensionistas de Salceda.

Campaña de seguridade vial en Salceda

Adheríndose á Campaña especial da Dirección Xeral de Tráfico sobre Cinturón de Seguridade e Sistemas de retención Infantil, a Policía Local de Salceda ven de realizar controles nas entradas do casco urbano.

Con esta campaña, o Concello de Salceda segue a involucrarse nos temas de seguridade ao volante, especialmente no que a seguridade infantil se refire. Lembran ademais que dende a Policía Local se están a levar a cabo diversas charlas informativas sobre os sistemas de retención infantil, que se teñen celebrado cos colectivos de embarazadas e de post parto, e que en breve se vai levar tamén ao CEP Altamira en colaboración coa ANPA.

O uso de sistemas de retención homologados, cinturón de seguridade e SRI, tense demostrado como o sistema de seguridade vial máis sinxelo, rentable e eficaz, en todo tipo de vías e traxectos. Aínda que cada vez se nota un maior incremento do cinturón de seguridade, existen aínda graves lagoas. Con esta campaña preténdese lograr o obxectivo de que ningún neno ou nena perda a vida por non ir correctamente sentado nunha cadeira adecuada para o seu peso e talla.

Os nenos e nenas do CEP Altamira coñecen o CDL do Torrón

C ase un centenar de nenos e nenas de 1º curso do CEP Altamira realizaron unha visita ao edificio do CDL do Torrón, para coñecer tanto as instalacións como as actividades que nelas se ofrecen. Os cativos e os seus mestres foron recibidos pola Concelleira de Formación e Emprego, Loli Castiñeira, que lles presentou o persoal que nese momento prestaba os seus servi-

zos no edificio.

Posteriormente, os técnicos Claudio González, Pedro Álvarez e Jacobo Curto ensináronlles as instalacións aos cativos, que puideron visitar as aulas de carpintería e informática e o salón de actos. A xornada rematou coa visita á aula de hostalería, onde os nenos e nenas disfrutaron dun almorzo a base de froitas e

zumos, atendidos pola Bolsa de Voluntariado do Concello de Salceda.

A visita enmárcase dentro da iniciativa do CEP Altamira, de amosarlle o entorno máis próximo ao alumnado, o que se traduce en visitas como esta, que se suman ás xa realizadas ás instalacións da Policía Local, Correos, a Casa da Música ou a Casa da Cultura entre outras.

Loli Castiñeira, Concelleira de Formación e Emprego: “é fundamental que os cativos coñezan as instalacións que teñen ó seu arredor, neste caso o CDL do Torrón. Non podemos esquecer que os que hoxe nos visitan, mañá serán os usuarios destes e outros servizos, polo que é importante que os coñezan dende o primeiro momento”.

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

O patrimonio histórico, natural e gastronómico protagonista no novo material turístico de Tui

Nova guía e cinco dípticos turísticos elaborados polo Obradoiro de emprego Descubre Tui 2015

O 15 de marzo presentáronse os dípticos e a guía turística elaborados polos alumnos do Obradoiro de Emprego Descubre Tui 2015, no que turistas, peregrinos e mesmo veciños poden coñecer máis polo miúdo a través deste novo material a ampla oferta turística que ofrece Tui, protagonizada polo patrimonio histórico e natural, xunto coa gastronomía e restauración da cidade.

O alcalde de Tui, Enrique Cabañero, explica que “sempre foi unha demanda para o goberno local que o turismo tivese máis presenza, potenciándoo dende as súas diversas facetas, mellorando os servizos na oficina de turismo e no punto de información”. O obxectivo, se-

gundo o rexedor tudense, é alcanzar os 70.000 visitantes anuais. Finalmente, quixo agradecer o traballo realizado polos alumnos do obradoiro e todos cantos colaboraron de xeito altruísta, xa que Tui ten, despois de moitos anos, un soporte físico das súas potencialidades turísticas.

Pola súa parte o concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, tamén quixo felicitar o labor levado a cabo polos alumnos do obradoiro e polos colaboradores. O responsable de Turismo indicou que Tui vai figurar por primeira vez como destino na guía dos touroperadores do Porto de Vigo para o vindeiro ano, e están a preparar unha guía específica para que os

cruceiristas poidan ver Tui en catro horas.

Da guía turística presentada hoxe realizouse unha primeira tirada de 100 exemplares editada en galego, que está dispoñible na oficina de turismo e en diferentes establecementos da cidade. De cada un dos dípticos turísticos editáronse 500 exemplares en galego, castelán e inglés. O investimento total na edición e impresión dos dípticos e das guías ascendeu a 3.000 euros.

A Atalaia do Camiño, guía de turismo de Tui

A guía turística leva por título “A Atalaia do Camiño, Tui” e a través de 73 páxinas permite mergullarnos na historia tudense e no seu rico patrimonio e monumentalidade, e coñecer máis sobre o Casco Histórico tudense, o Camiño de Santiago, a Catedral, a Ponte Internacional, as murallas, o Cárcere Vello, o Convento das Clarisas, o Convento de Santo Domingo ou o Paseo da Corredoira. Incorpora amais un dos principais reclamos da cidade, o Monte Aloia, que configura unha das máis destacadas xoias paisaxísticas da comunidade. Finalmente, inclúe información práctica de aloxamento e restauración, xunto con mapas ilustrativos do casco urbano e das parroquias tudenses e un directorio de interese onde se poden consultar outros servizos turísticos.



Dípticos turísticos

Cada un dos dípticos turísticos: natureza e paisaxe, o Camiño de Santiago, a Catedral, calendario de festas e eventos, lugares de interese e restauración e aloxamentos incorpora información de carácter máis práctico.

Así, no díptico de natureza e paisaxe son protagonistas o Monte Aloia, co seu centro de interpretación, os miradoiros, a Ermida e Cama de San Xián, a Muralla Ciclópea e as rutas de sendeirismo aptas para calquera tipo de sendeirista. Tamén ten un apartado destacado o río Miño, que conta cunha importante reserva de marismas e esteiros. No dedicado ó Camiño de Santiago, os peregrinos poden obter información práctica de servizos e mesmo consellos para un “bo camiño”. Asemade, inclúe un directo-

rio cos albergues por cada unha das seis etapas cara a Compostela. Vinculado ó patrimonio está o díptico da Catedral de Santa María, que incorpora de xeito breve explicacións sobre o conxunto formado polo pórtico, o retablo, a sala capitular, a capela das Reliquias ou o Claustro.

No calendario de festas e eventos achéganse as festividades máis singulares da cidade por cada estación do ano e aqueles máis atemporais. No rúe e lugares de interese temos indicado nun mapa aqueles sitios imprescindibles para os que queiran coñecer a cidade, xunto cunha rota que podemos facer a pé no Casco Histórico. Para rematar, en restauración e aloxamentos engádense dirección e teléfonos de tapeñas, bocaterías, restaurantes, hoteis, albergues e establecementos de turismo rural de Tui.

As pinturas de cidades protagonizan a exposición de Ángel Torres na Área Panorámica de Tui

Inaugurouse a exposición pictórica de Ángel Torres na zona anexa á Sala de Exposicións Municipal na Área Panorámica.

A exposición está formada por pinturas hiperrealistas de mediano e gran tamaño onde se amosan rúas, monumentos e panorámicas de cidades coma Tui, Pontevedra, Santiago, Madrid ou Mallorca.

Amais, hai cadros de temática relixiosa realizados con pinceladas moi rápidas e outra colección realista dedicada a hindús.

O pintor Ángel Torres xa ten exposto con anterioridade en Tui, así coma en Salceda, Pontevedra, Arzúa, A Coruña ou Madrid.

A exposición pode visitarse ata o 4 de abril en horario de luns a venres de 9 a 14h e de 16.30h a 20.30h.



Concerto da Orquestra do Norte no Teatro Municipal de Tui



“De Oriente a Occidente” foi o título do concerto que a Orquestra do Norte, de Porto (Portugal) ven de ofrecer no Teatro Municipal de Tui. Este evento organizado pola Euroriedade Tui-Valença forma parte do ciclo “Música nos Caminhos de Santiago”. Baixo a dirección de José Ferreira Lobo interpretou “Nas Estepas de Asia Central” de Alexander Borodin, “O barbeiro de Sevilla” de Gioachino Rossini a e Suite nº1 e a Danza Bohemia de “Carmen” de Georges Bizet.

A Orquestra do Norte está dirixida dende a súa fundación en 1992 por José Ferreira Lobo.

BAIXO MIÑO

TUI

As Festas de San Telmo 2016 terán carácter popular e servirán de escaparate para presentar á cidade

Celebraranse do 26 de marzo ao 4 de abril organizadas por primeira vez dende o Concello

O Concello de Tui asume este ano a organización das festas na honra a San Telmo, patrón da cidade, que se van celebrar do 26 de marzo ao 4 de abril. Iníciase baixo a organización municipal un proceso de cambio co obxectivo de que estas sexan unhas festas na rúa, onde se cree un espazo de encontro entre os veciños. O Concello elaborou un programa no que a cultura, o deporte, a gastronomía, o lecer, as actividades infantís, as verbenas se suceden ao longo de dez días de festa.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, destacou que “en pleno século XXI unha entidade pública ten que asumir a organización das súas festas patronais” ao tempo que considera que “se tiñan que reconducir a termos de legalidade administrativa algunhas actuacións como cobrar as taxas por ocupación de vía pública”. Entre as premisas baixo as que se asumiu a elaboración das festas estivo o carácter popular e a súa celebración na rúa, e a recuperación dalgunhas tradicións. Buscouse plasmar “os aspectos singulares que nos definen coma concello, que sirvan de ventá ao mundo, ao turismo e de escaparate co que nos poidamos presentar”. Con respecto ao acto que marca o inicio das festas, a lectura do pregón, terá marcado carácter institucional centrado na recuperación da memoria colectiva a través da fotografía.

Tamén mudou a concepción do libro das festas que pasa a converterse nunha publicación con valor artístico, dedicada

este ano ás fotografías antigas. Pero amais o libro convértese nun elemento de solidariedade xa que, salvo o día da lectura do pregón, os cidadáns que desexen ter un exemplar deberán aportar un quilo de alimentos non perecedoiros que logo serán doados a SOS Tomiño Baixo Miño. Do mesmo editáronse mil exemplares.

As festas contan cun orzamento de 80 mil euros, e tal coma explicou a concelleira de Facenda, Yolanda Rodríguez, en parte se sufragarán cos ingresos das taxas por ocupación de vía pública dos postos e atraccións. Apuntou amais que, ante a falla de persoal en Urbanismo, externalizouse nunha empresa de enxeñería a inspección das atraccións que comezarán a instalarse o próximo luns, e sobre as que este ano se controlará tanto o volume da música coma os horarios.

O tenente alcalde e concelleiro da Eurocidade, Miguel Capón, salientou coma as festas deste ano profundan tamén na relación da Eurocidade co recoñecemento a súa labor na constitución desta entidade ao presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro, que será o responsable da lectura do pregón. Precisamente nese acto será presentada a bandeira oficial de Tui.

A concelleira de Cultura, María José Rodríguez, explicou coma se tentou elaborar unha programación para todos, dando continuidade a eventos exitosos coma a Semana do Teatro Afeccionado ou o Festival Folclórico de San Telmo, e incorporando

coma novidade actividades infantís todas las mañás durante as festas. Agradeceu a súa colaboración ás asociacións culturais tudenses pola súa implicación nesta programación.

O concelleiro de Deportes, Laureano Alonso, destacou a gran presenza que o deporte terá este ano con actividades de rúa todos os días e con exhibicións de deportes coma judo, bádminton, tenis ou patinaxe. Tamén tivo palabras de agradecemento para os clubs deportivos pola súa disposición a colaborar nas festas.

O concelleiro de Medio Ambiente, José Martínez Tato, explicou coma durante as festas se reforzará o servizo de limpeza na cidade, ao tempo que facía un chamamento á colaboración cidadá. Nese senso tamén se pronunciou a concelleira de Pa-

trimonio, Carme Núñez, quen destacou as tarefas de limpeza que se están acometendo xa no Conxunto Histórico, solicitando a colaboración cidadá para compaxinar o dereito ao disfrute durante as festas co descanso dos veciños e o respecto ao patrimonio, e convidando á cidadanía a disfrutar desta zona da cidade durante a semana grande. O concelleiro de Seguridade, José Ramón Magán, destacou o operativo especial que levará a cabo a Policía Local durante os festexos para controlar o tráfico nos días de maior afluencia, así coma coa regulación do tráfico co corte dalgunhas rúas para dar cabida a actividade ao aire libre. Tamén fixo fincapé no Plan de Emerxencia e Seguridade redactado polos técnicos municipais para o luns de San Telmo.



Éxitos nacionais para o deporte tudense

O Club Kayak Tudense, Campión de Inverno de Piragüismo por undécima vez consecutiva, Gustavo Rodríguez, Campión de España de Duatlón Longa Distancia e o CPA Ribex, Subcampión de España de Patinaxe

A fin de semana do 13 de marzo o deporte tudense estivo presente en varios campionatos de España en diferentes modalidades deportivas, obtendo uns excelentes resultados en todas elas.

Así, o Club Kayak Tudense, que participou no Campionato de España de Piragüismo en Pista, en Sevilla, proclamouse por décimo primeira vez Campión de España de inverno, un feito único a nivel nacional, que constata que o club de Tui é un dos mellores clubs deportivos nas distintas modalidades deportivas.

Os padeeiros tudenses obtiveron unha gran clasificación, sendo os mellores resultados os acadados por Ana Varela cunha quinta posición en K1 feminino, Manuel Garrido cuarto en C1, Brais Casas, subcampión en C1 Sub23, e a espectacular regata

de k1, onde os padeeiros tudenses obtiveron o primeiro posto de Gabriel Pavón, o segundo posto de Rubén Millán, e o cuarto posto de Roi Rodríguez, que o proclamou Campión de España Sub23.

Con estes resultados e os dos outros padeeiros que participaron nas finais, o Club Kayak Tudense, con 1.581 puntos, superou ao Club Náutico de Sevilla (1.372 puntos) e ao Club Piragüismo Aranjuez (1.301 puntos), e confirma o seu espectacular estado de forma, tras gañar tamén a semana pasada o Campionato Galego.

Pasando a modalidade do duatlón, Gustavo Rodríguez participou no Campionato de España de Duatlón en Longa Distancia, celebrado en Orihuela, onde o tudense se proclamou Campión de España, cun tempo de 3 horas, cinco minutos e cincuenta e cinco segundos, cunha vantaxe dun minuto

e vinte e dous segundos sobre Joan Nadal e dous vinte e oito sobre Pablo Martín.

E por último, no mundo do patinaxe, as deportistas do CPA Ribex de Tui desprazá-

ronse ata a localidade alacantina de Alcoi, onde participaron no Campionato de España, acadando a segunda posición co grupo show.



Programa de Festas San Telmo 2016

Sábado 26

- 19.30h no Teatro Municipal lectura do Pregón das Festas polo presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro Mendes. Presentación da bandeira oficial de Tui. Entrada Libre.
- 20.30h na Sala de Exposicións Municipal inauguración da mostra "Fotografía antiga de Tui San Telmo 2016".
- 21.00h dende a Área Panorámica ata o palco da música desfile da Banda de Gaitas Arume de Malvas.
- 21.15h acendido do alumeado das Festas.
- 21.30h no Paseo da Corredoira concerto de Ollos Pretos e Donicelas.

Domingo 27


- 12.30h no Paseo da Corredoira concerto da Agrupación Musical de Goián *En caso de choiva cancelárase.
- 13.00h nos locais de hostalería participantes comezo da Semana Gastronómica San Telmo 2016. Festa gastronómica na rúa Compostela
- 17.00h actuación polas rúas de Tui da Charanga Fuego.
- 18.00h no Teatro Municipal Festival Folclórico Festas de San Telmo. Entrada libre.
- 19.00h no Paseo da Corredoira Festival de Karaoke coa SpaceMusic.
- 20h-23h na rúa Compostela verbena coa Orquestra Ritmo Joven.
- Luns 28
- 11h-13h no novo Pavillón Municipal judo para nenos polo Judo Club Tudense.
- 11.30h-13.30h no Paseo da Corredoira actividades infantís "Globolandia" con En un Tris Tras. *En caso de choiva na Área Panorámica p.4.
- 16.30h na Sala Félix Rodríguez, porta 10 da Área Panorámica, cinema infantil "Carlitos y Snoopy". *Entrada libre ata completar aforamento.
- 19:00h no Paseo da Corredoira espectáculo de maxia co Rey Midas *En caso de choiva na Sala Félix Rodríguez. Entrada libre ata completar aforamento.
- 21.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro Aloia de Pazos de Reis estrea "O caso da muller asasinadaña". Entrada 1,5€.

Martes 29

- 11h-13h no novo Pavillón Municipal judo para nenos polo Judo Club Tudense.
- 11.30h-13.30h no Paseo da Corredoira actividades infantís "Reciclaxe" con En un Tris Tras. *En caso de choiva na Área Panorámica p. 4.
- 16.30h na Sala Félix Rodríguez, porta 10 da Área Panorámica, cinema infantil "Atrapa la Bandera". *Entrada libre ata completar aforamento.
- As 21.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro Chirlomirto de Randufe estrea "Romeo e Xulieta". Entrada 1,5€.

Mércores 30

- 11h-13h no pavillón do IES San Paio Exhibición de bádminton polo Club Bádminton Tui.
- 11.30h-13.30h no Paseo da Corredoira actividades infantís "Imaxina e Debuxa" con En un Tris Tras. *En caso de choiva na Área Panorámica porta 4.
- 16.30h na Sala Félix Rodríguez, porta 10 da Área Panorámica, cinema infantil "Hotel Transilvania 2". *Entrada libre ata completar aforamento.
- 19:00h no Paseo da Corredoira espectáculo de maxia co Rey Midas e Valeria Varitas. *En caso de choiva na Sala Félix Rodríguez. Entrada libre



- 21.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro San Fins de Rebordáns estrea "A mesa do rincón". Entrada 1,5€.

Xoves 31

- 11.30h-13.30h na Área Panorámica porta 4 actividades infantís "Colorin Colorincho" con En un Tris Tras.
- 16.30h na Sala Félix Rodríguez, porta 10 da Área Panorámica, cinema infantil "El libro de la vida". *Entrada libre ata completar aforamento.
- 18h-19h no Paseo da Corredoira exhibición de judo polo Judo Club Tudense.
- 19:00h no Paseo da Corredoira espectáculo de maxia "Maxia cómica cousa de 2" co Rey Midas. *En caso de choiva na Sala Félix Rodríguez. Entrada libre ata completar aforamento.
- 20.00h no Paseo da Corredoira animación de rúa con Amigos dos Bombinhos.
- 21.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro Atalaia do Centro Sociocomunitario de Tui estrea "A miña tía e as súas cousas". Entrada 1,5€.

Venres 1

- 11.30h-13.30h no Paseo da Corredoira actividades infantís "A Gargalladas" con En un Tris Tras. *En caso de choiva na Área Panorámica porta 4.
- As 16.30h na Sala Félix Rodríguez, porta 10 da Área Panorámica, cinema infantil "Del revés". *Entrada libre ata completar aforamento.
- 17.00h no IES San Paio, entrada por Casal Aboy, inauguración da Feira Agroalimentaria de Tui. Entrada 1€.
- 19.00h no Paseo da Corredoira exhibición de patinaxe polo C.P.A Ribex.
- 21.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro Mesturanzas de Areas estrea "Ah...que familia". Entrada 1,5€.
- 20h-21.30h e 23h a 00.30h na rúa Compostela verbena coa orquestra Capitol.
- 21.30h-23h e 00.30h-02.00 no Paseo da Corredoira verbena coa orquestra América.

Sábado 2

- 10.00h dende o palco da música no Paseo da Corredoira saída da Andaina Saudable San Telmo. Club Andatui Rego da Pedra.
- 10.30h no Paseo da Corredoira Carreira da Broa

e xogos populares.

- 11h-20h no IES San Paio Feira Agroalimentaria. Entrada 1€.
- 12.00h polas rúas de Tui actuación da Charanga Cantos Somos.
- 16.00h no recinto da Feira Agroalimentaria no IES San Paio Campionato Scalextric.
- 16.00h no Paseo da Corredoira tenis na rúa polo Club Tenis Tui
- 16.00h no Campo Municipal Álvarez Durán Triangular Copa San Telmo fútbol veterano Tyde F.C, Valenciano F.C. e R.C. Celta.
- 17h-20h polas rúas de Tui actuación da Charanga Cantos Somos.
- 17.00h no Paseo da Corredoira concentración e exposición de coches antigos.
- 20.15h polas rúas de Tui desfile de Xigantes e Cabezudos, grupo de gaitas Lóstregos e de baile Saragana da A.X.C. do Traxe Tradicional de Tui.
- 20.15h no Teatro Municipal VIII Semana de Teatro Afeccionado San Telmo. O grupo de teatro Santiago de Malvas estrea "A verdadeira historia de carapuchiña vermella". Entrada 1,5€.
- 21.30h na Praza de San Fernando II Encontro de Bandas de Gaitas Cidade de Tui.
- 20h-21.30h e 23h-00.30h no Paseo da Corredoira verbena coa orquestra Pasarela.
- 21.30h-23h e 00.30h-02.00h na rúa Compostela verbena coa orquestra Aramio.

Domingo 3

- 10.30h no Paseo da Corredoira Carreira Popular de San Telmo. Organiza: Club Atletismo Tui - Thermalia.
- 11h-20h no IES San Paio Feira Agroalimentaria. Entrada 1€.
- 11.00h Desfile Exaltación do traxe tradicional.
- 11.15h dende a Área Panorámica ata a Praza de San Fernando desfile de Xigantes e Cabezudos, grupo de gaitas Lóstregos e de baile Saragana da A.X.C. do Traxe Tradicional de Tui, e grupo de pandereiteiras As Dabadía da A.C. A Insua de Caldeas.
- 12.00h no Paseo da Corredoira concerto da Banda de Música Popular de Tui. *En caso de choiva cancelárase.
- 17h-20h polas rúas de Tui actuación da Charanga Cantos Somos.
- 20h-21.30h e 23h-00.30h na rúa Compostela verbena coa orquestra Ciudad Cristal.
- 21.30h-23h e 00.30h-02.00h no Paseo da Corredoira verbena coa orquestra Abanico.

Luns 4 - Festivo local

- 10.00h en San Bartolomeu Feira Cabalar San Telmo.
- 10.00h na Catedral misa na honra a San Telmo e procesión pola Coronilla.
- 11h-20h no IES San Paio Feira Agroalimentaria. Entrada 1€.
- 16.00h no recinto da Feira Agroalimentaria no IES San Paio Torneo Popular de Scalextric.
- 18.00h na Praza de San Fernando concerto da Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín. *En caso de choiva cancelárase.
- 19.00h no Paseo da Corredoira entrada da Banda de Guerra e Guión da BRILAT.
- 19.15h na Igrexa de San Telmo homenaxe aos confrades de San Telmo falecidos.
- 20-21h na rúa Compostela verbena coa orquestra Olympus.
- 21.00h Solemne procesión de San Telmo.
- 23:15h Tírada de fogos de artificio.
- 23.30h-01.30h na rúa Compostela verbena coa orquestra Olympus.

BAIXO MIÑO

TUI

Máis de 200 persoas participaron na Xornada Bilateral de Erasmus+ no ámbito da educación de España e Portugal

Cambiando vidas, abrindo mentes é o lema do Erasmus+ e que se quixo pór en valor en toda a Xornada

Máis de 200 persoas déronse cita en Tui para asistir á Xornada Bilateral de Erasmus+ no ámbito da educación e da formación de España e Portugal. O obxectivo deste encontro é a presentación de boas prácticas entre institucións educativas españolas e portuguesas para incrementar así a cooperación entre ámbolos países fronteirizos.

A presentación desta Xornada correu a cargo do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, do director do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), Pablo Martín, da directora da Agência Nacional Erasmus+ Educação e Formação, Joana Mira Godinho, xunto co director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Manuel Corredoira.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, expresou que “a escolla da Eurocidade Tui-Valença como sede no día de onte do cumio e hoxe da Xornada, expresa o carácter bilateral deste seminario. Máis aló da aprendizaxe, da formación e das conclusións de traballo que se saquen nesta Xornada, para Tui e

Valença supón un escaparate no que as máis de 200 persoas participantes de todos os lugares do país e de Portugal poden coñecer o patrimonio, cultura, gastronomía ou o medio ambiente”.

O director do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), Pablo Martín, destacou como intención desta Xornada facer balanço de resultados do anterior período de investimentos 2007-2013, e das primeiras impresións do que acaba de comezar, 2014-2020.

En relación coas estancias Erasmus+, Pablo Martín quixo destacar que “máis de medio millón de mozos españois desfrutaron dunha estancia Erasmus nas últimas décadas e dende o 2012 e ata hoxe preto de 200.000 estudantes e profesores viaxaron máis aló das súas fronteiras, o que lles outorgou maiores competencias idiomáticas e lles permitiu ‘abrir a mente’ ó convivir e aprender outras culturas, obxectivo principal do Erasmus+”.

A directora da Axencia Nacional Erasmus+, Joana Mira Godinho, pola súa parte, subliñou que esta é a primeira vez que se realiza este encontro bilateral con axencias e beneficiarios de pro-



xectos españois e portugueses, o que supón unha cooperación a nivel local, rexional e estatal entre os dous países. Agardou que este tipo de encontros se poidan repetir anualmente.

Finalmente, o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Manuel Corredoira, destacou a importancia de participar neste tipo de Xornadas, que poñen en valor proxectos que re-

dundan nos alumnos, posto que lles dá a oportunidade de participar en proxectos transfronteirizos que redundan no seu beneficio persoal e laboral de cara ó futuro.

Ao longo da mañá fóronse presentando os resultados, logros e impacto do Programa Erasmus+ e do Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP) en España e Portugal e presentación das novidades e oportunidades da Convocatoria 2016 do Programa Erasmus+. Tamén se trataron os

proxectos transfronteirizos do Programa Erasmus+ no ámbito da Educación e a Formación desde a perspectiva institucional e exemplos de boas prácticas nos centros educativos.

Tralo xantar houbo dinámicas e traballo en grupo, onde se compartiron experiencias en diferentes eidos, coma a cooperación no sector escolar e na escola- empresa, no sector de formación de adultos ou as estancias profesionais.

O Conservatorio organiza o IV Ciclo de Concertos de Xoves Intérpretes

O mércores 23 presentarase en concerto “O último home de Fukushima” de Karolis Biveinis e en abril celebrase a “2ª Aula Aberta de Saxofón”

O luns, 21 de marzo, comeza o IV Ciclo de Concertos de Xoves Intérpretes organizado polo Conservatorio Profesional de Música e pola Escola de Música de Tui. Conforman este ciclo un total de catro concertos que se celebrarán na sala de audicións do Conservatorio con entrada gratuíta.

A primeira cita será o próximo luns, 21 de marzo, ás 20.30h a cargo de Alma Giráldez Vázquez ao violín, Ángel Cánfora Lorenzo á tuba e Diego Álvarez Coedo, ao piano.

Xa no mes de abril celebraranse tres concertos. O luns 18 de abril a cargo de Mónica López Cerqueira á frauta traveseira, Ella Cordon

Vieito ao piano e Sara Pumar Lomba, ao clarinete. O 25 de abril actuarán Felipe Fernández Vilanova á trompeta, e Antonio González Uris, ao piano. O cuarto e último dos concertos será o venres, 29 de abril, con José Castro Martínez ao clarinete e Sergio Alonso Pazo á guitarra. Todos os concertos celebraranse na sala de audicións do Conservatorio de Música de Tui ás 20.30h e a entrada é gratuíta.

Concerto presentación de “O último home de Fukushima” de Karolis Biveinis

Por outra banda o vindeiro mércores, 23 de marzo, o Conservatorio organiza un concerto-presentación do traballo discográfico “O último home de Fukushima” do compo-

tor e pianista Karolis Biveinis, que é profesor neste centro de estudos musicais. O Concerto será ás 20h na sala Félix Rodríguez a cargo dos alumnos do Conservatorio Profesional de Tui Juan Paramos, Alberto Bernárdez, Gonzalo González, María Álvarez, Oscar Mirás, Diego Álvarez, Diego Santamaría, Antonio González, Julia Portela i Ella Cordon ao piano; Miguel Bargiela e Néstor Lomba ao saxofón; Julia Rodríguez ao violín; José Castro e Sara Pumar ao clarinete; Alejandra Fernández ao violonchelo; e Sergio Alonso á guitarra. Tamén actuarán coma convidados Irene Cebada ao violín, Jorge Suárez ao violonchelo, Diogo Barreira ao contrabaixo e o profesor Gabriel

Silvera á guitarra.

O 1 e 2 de abril celébrase a “2ª Aula aberta de saxofón” a cargo do profesor Rafael Yebra

Para rematar, o Conservatorio Profesional de Música de Tui organiza a “2ª Aula aberta de saxofón”, que se celebrará o 1 e 2 de abril, a cargo de Rafael Yebra, profesor no Conservatorio de Música Superior de Vigo. Colaboran na realización deste evento o Concello de Tui e a Asociación Frai Rosendo Salvado. Os interesados poden ampliar esta información ou inscribirse no correo electrónico cmus.profesional.tui@edu.xunta.es, ou persoalmente no Conservatorio Profesional de Música de Tui en horario de oficina.

A GUARDA

“Contos Contados”, na Biblioteca Municipal de A Guarda

Esta actividade infantil terá lugar un sábado ao mes en marzo, abril, maio e xuño

O pasado sábado 19 de marzo, celébrase na Biblioteca Municipal da Guarda a primeira sesión do ciclo Contos Contados, que se alonga ata o mes de xuño. Nesta ocasión, o tema a tratar foi a poesía xa que no mes de marzo conmemórase o día deste xénero literario. Os nenos ademais de escoitar verbas de diferentes poemas, participaron na montaxe de “A árbore das letras”. Os rapaces pintaron en diferentes formatos letras para conformar un poema que colgaron das ramas dunha árbore. O resultado deste obradoiro quedará exposto na Biblioteca Municipal para que poida ser visto por todos os usuarios.

Seguintes citas

O Concello da Guarda ten xa programadas as seguintes citas de “Contos Contados”. Así, o 23 de abril, terá lugar a sesión na que se conmemorará o día do libro infantil. Ao igual que en outras ocasións tras a lectura do conto haberá un obradoiro.

A seguinte cita será o sete de maio, nesta ocasión se celebrará unha homenaxe



a Manuel María, autor ao que este ano se adica o Día das Letras Galegas, a través do espectáculo “O poeta do Miño”.

A sesión que porá fin a este primeiro

ciclo de Contos Contados será a do 11 de xuño. Os nenos e nenas poderán gozar da actuación do “Lobo Bobo” e despedirse desta iniciativa ata o mes de outubro.

O Curso de Educación para Adultos conta con máis de 25 matriculados

O Curso de Educación para Adultos preparatorio para as probas libres do graduado da ESO, organizado polo Concello da Guarda, conta con máis de 25 matriculados.

As clases, que comezaron no mes de febreiro e que se alongarán ata setembro, se imparten en horario de mañá de luns a xoves nunha aula do edificio do do antigo colexio Sinde.

A primeira convocatoria para o exame é no mes de maio e a segunda será no mes de setembro.

Matrícula para o exame

O prazo para matricularse no exame libre para sacar a titulación en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) está aberto dende o 7 o 18 de marzo.

O instituto máis preto onde facer efectiva a matrícula formal para poder realizar os exames é o IES Indalecio Pérez Tizón, en Tui.

A Guarda escollida coma un destino imprescindible en Galicia por TripAdvisor

A vila da Guarda foi escollida coma un dos dez destinos imprescindibles en Galicia pola plataforma web TripAdvisor, páxina de viaxes máis grande do mundo.

Na súa publicación, que leva por título “Un paseo por Galicia: 10 pueblos imprescindibles”, a web de viaxes destaca a importancia dos restos arqueolóxicos do Monte Santa Trega,

a Igrexa Parroquial e o Convento de San Bieito e por suposto a gastronomía e a Festa da Langosta.

A Guarda comparte esta publicación con tan só outro municipio pontevedrés: Combarro. Ademais a lista está formada por Muros, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Betanzos, Allariz, Ortigueira, Viveiro y Ribadavia.

A GUARDA, PONTEVEDRA



Unha das principais atraccións da vila da Guarda é o Monte Santa Trega, un dos dez destinos imprescindibles en Galicia. Nesta zona atópanse restos arqueolóxicos de civilizacións como a Neolítica, a Idade do Bronce e a Idade do Ferro. Ademais, a vila conta coa Igrexa Parroquial e o Convento de San Bieito, dous dos seus principais puntos de interese turístico.



Practica A Guarda

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Marzo, mes da poesía e da muller na Biblioteca

A Biblioteca Municipal da Guarda adicará o mes de marzo á muller e a poesía, coincidindo ambas datas conmemorativas. A biblioteca guardesa propón dúas novas iniciativas para tódolos públicos: “Muller Poeta” e unha nova edición de Contos Contados coa temática “Día da Poesía”.

“Muller Poeta”.

Organizada para que veciñas/os participen no mundo da poesía a través da investigación e da posta en valor das mulleres poetas de toda a nosa historia, tanto en galego como en castelán. Hai que buscar un scará un poema de algunha poetisa importante ou que para eles teña un valor especial, e presentará ese poema escrito no formato máis orixinal ou singular que considere. Todos estes poemas serán recollidos dende o día 7 ata o día 17 de Marzo, no despacho de Cultura do Concello, na Biblioteca Municipal ou no Centro Cultural.

O traballo será asinado cun pseudónimo. O poema será acompañado do nome do/a participante, idade e teléfono de



contacto, en sobre pechado, identificado co pseudónimo.

O día 17 de Marzo un valorarán os traballos recollidos, nas seguintes categorías:: Infantil (de 3 a 11 anos), Xuvenil (de 12 a 16) e Adulto de 16 en diante.

O agasallo será un lote de libros.

Os traballos recibidos serán expostos no centro cultural dende o día 18

ate o 31 de Marzo.

“Contos Contados-Día da Poesía”

O Sábado 19 de Marzo ás 11 horas haberá unha nova sesión dos contos contados, que xirará sobre o mundo dos poemas infantís que rematará cun Obradoiro e a realización do “Árbore das letras”, que quedará exposto na Biblioteca Municipal.

Case un 10% da poboación da Guarda descargou a aplicación do Concello

A aplicación do Concello da Guarda, nos seis meses que leva en funcionamento, xa case 1.000 descargas, o que simboliza preto dun 10% da poboación da vila. Así, as descargas para dispositivos android sumaron un total de 685 e para sistemas iOS, 185.

A meirande parte das descargas foron feitas por veciños e veciñas da localidade aínda que se supón que un pequeno número a descargou algún visitante que chegou a esta vila e coñecía a súa existencia.

Os servizos máis utilizados da aplicación son: a axenda, onde se poden revisar todas as actividades programadas dende o Concello, o lugar de celebración e o horario; os avisos, nos que se informa das actividades para ese día e tamén, por exemplo, dos cortes de auga ou de tráfico; a guía de empresas, lugar no que aparece a descrición dos diferentes negocios instalados na vila; o espazo de turismo; e a pestana de incidencias, parte na que calquera veciño ou veciña pode notificar ao Concello, de maneira instantánea, onde se está a producir unha incidencia e os traballadores informan cando a mesma está resolta.

Finalizada a recuperación do vertedoiro do Monte Torroso



A Xunta de Galicia fixo entrega ao Concello da Guarda a obra finalizada de adecuación e clausura do vertedoiro de entullos do Monte Torroso. Esta actuación fíxose ao abeiro do establecido na orde que regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito de Galicia.

Con este xesto, e despois de varios meses de traballos, dáse por finalizada esta actuación que contemplaba a recuperación medioambiental do vertedoiro e a adecuación á normativa a este espazo.

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba e o Concelleiro de Medioambiente, Paulino Rodríguez, visitaron esta zona rehabilitada, que é propiedade da Comunidade de Montes de A Guarda.



Nova oferta formativa e lúdica da OMIX da Guarda



A OMIX do Concello da Guarda sigue adiante coa programación de actividades de formación e lúdicas previstas para os próximos meses. Os cursos programados son:

- Monitor de tempo libre, esta formación desenvolverase durante os fines de semana a partir de finais de marzo. O prezo é de 198€
- Smartphone, aliado na busca de emprego, obradoiro práctico e orientado á axuda da búsqueda de traballo. Data realización 31 de marzo de 18:00 a 21:00 horas.
- Lineografía: taller de iniciación de gravado. Un obradoiro artístico que tratará de achegar a técnica de gravado as persoas participantes. Datas de realización 5, 7, 12 e 14 de abril de 19:00 a 21:30 horas. Prezo 30€
- Obradoiro: unha camiseta, tres usos. Obradoiro que segue a filosofía do faíno ti mesmo e da reutilización de materiais. Data realización 20 de maio de 19:00 a 21:30 horas

Para informarse ou inscribirse en calquera destas accións as persoas interesadas poden chamar á OMIX ou poñerse en contacto a través do facebook ou mail informacion@aguarda.es ou no teléfono 986614546.

13ª Mostra de Cultivos en Goián os días 2 e 3 de abril



O pavillón polideportivo de Goián albergará a unha trintena de produtores de planta artesanal, horta, floricultura e empresas auxiliares do sector nun espazo de 1500m².

A mostra organizada por ACUBAM, Asociación Cultivos Baixo Miño, desenvolverá o seguinte programa:

Sábado 2 de abril

9:30 h. Apertura

9:45 – 11 h. Conferencia

“Organismos Nocivos de Cuarentena. Impacto en el sector viverístico del Baixo Miño. Problemática fitosanitaria actual” de Antón Vázquez Caamaño (Inspector de Sanidad Vegetal de la Xunta de Galicia).

11 – 12.15 h. Conferencia

“Un mundo lleno de oportunidades” de Fernando Sánchez Salinero (Consultor de Pymes).

12.15 – 12:23 h. Presentación de la Mostra

Tematización del origen celta de la planta atlántica por los actores Andrea Pousa y el Brujo Queiman.

12.30 h. Acto de inauguración oficial de la Mostra 2016

17 h. Charlas en colaboración con COXAPO

“La importancia del agua en el rural”

“Sanidad del agua”

“Plan Hidrológico y Registro de contadores”

18 h. Innovación Acubam 2016

Stand de novidades en flor cortada, auxiliares y planta ornamental que promueven la competitividad empresarial en Galicia y Norte de Portugal.

Domingo 3 de abril

10 h. Apertura.

Exposición de arte y pintura con la temática del sector. Artistas de la comarca del bajo Miño.

Exposición de los trabajos realizados por los escolares durante el proyecto educativo “As nosas amigas as plantas III”.

11:30 – 12:30 h. “As nosas amigas as plantas III”

Fotomatón con los participantes en el proyecto educativo escolar.

12:30 – 12:45 h. Charla

“Deporte de élite, esfuerzo y confianza en el equipo” de Álvaro Pino (Vencedor de la Vuelta Ciclista a España 1986).

Dirigida al público infantil.

19:15 – 19:30 h. Acto de clausura oficial de la Mostra 2016

Presidente de Acubam, viveristas, colaboradores y autoridades políticas.

19:30 – 20.30 h. Andrea Pousa en Concierto, artista invitado Brujo Queiman

Actuación musical en el Pabellón de Goián.

Concellos do sur de Pontevedra preparan o LEADER 2014-2020

As liñas estratéxicas serán presentadas en catro meses para a súa aprobación, segundo a alcaldesa de Tomiño e presidenta do AGDR 14

O grupo de desenvolvemento rural AGDR 14 MAIV-Baixo Miño, formado polos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tui e Tomiño (uns 145.000 habitantes), prepara xa o documento coas estratexias de acción que presentará á convocatoria 2014-2020 do programa europeo Eixo Leader.

De ser aprobado daría continuidade aos programas Leader anteriores tales como a iniciativa experimental (Leader I), pasando polos programas Leader II e Leader Plus, ata consolidarse no período 2007-2013 coma o eixe 4 do PDR de Galicia (Plan de Desenvolvemento Rural).

Estas accións vén a dar resposta ao acordo do 10 de febreiro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras para a se-

lección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección.

Dase a circunstancia de que os fondos dispoñibles para este novo tramo do programa sufriron unha drástica redución do 40% respecto do proxecto anterior, ascendendo agora a 84 millóns de euros, dos cales poderían corresponderlle ao AGDR 14 entre 3 e 5 millóns para financiar iniciativas de mellora do nivel de vida no rural, fomento da actividade empresarial, xeración de emprego e riqueza, valorización do pa-



trimonio cultural e natural, etc.

A Xunta directiva do grupo MAIV-Baixo Miño, presidida pola alcaldesa de Tomiño, Sandra González, celebrou unha reunión en Mos para contratar dous técnicos para elaborar as liñas de acción que se presentarán á convocatoria do programa dentro duns meses.

Unha novidade desta nova convocatoria é que quedan excluídos os núcleos urbanos

de máis de 6000 habitantes.

O último gran investimento do Leader

Foi inaugurada a nova sede para formación e orientación laboral da Confederación Gallega de Personas con Discapacidade (Cogam). Cun investimento de máis de 600.000 euros, (Agader achegou 250.000), constitúe o derradeiro gran proxecto cofinanciado polo AGDR.

A Guarda e Caminha firman o convenio para por en marcha a candidatura do Estuario do Miño coma Paisaxe Cultural Transfronteriza da UNESCO

Oxoves 3 de marzo, no Concello da Guarda, o alcalde Antonio Lomba xunto co Presidente da Cámara de Caminha Miguel Alves e Jordi Tresserras, coma representante da Universidade de Barcelona e redactores do proxecto, firmaron o convenio para por en marcha a candidatura do Estuario do Miño coma Paisaxe Cultural Transfronteriza da UNESCO.

Neste acto formal o alcalde guardés, Antonio Lomba, afirmou que tras esta sinatura comeza o arduo traballo para que o este espazo singular chegue a formar parte do Patrimonio da Humanidade. Así de hoxe nun ano o que se proxecta é ser incluídos na Lista Indicativa para, tras un ano nesta lista como mínimo, presentarse á valoración da UNESCO e poder conseguir o título de Paisaxe Cultural Transfronteriza.

“Nós temos fe e tamén con-



fianza de que o conseguiremos” afirmou Lomba, quen non dubidou en subliñar a singularidade da paisaxe e o efecto positivo que ante os turistas e visitantes ten ver esta zona.

O Presidente da Cámara de Ca-

minha salientou que a relación entre as vilas do Estuario se formou grazas aos encontros e descontros de dous pobos que agora “se abrazan” para conseguir esta candidatura. “É a nosa responsabilidade que esta zona

se coñeza”, afirmou Miguel Alves.

Pola súa banda, Jordi Tresserras recoñeceu que esta candidatura ten moito potencial. “Hai moita competencia pero se non pensara que esta candidatura ten éxito non apostaría por ela”, sentenciou.

Primeiras actividades conxuntas

Este é o punto de partida de diversas actividades e accións conxuntas arredor da candidatura do Estuario do Miño.

Ademais da parte máis administrativa e da elaboración de informes, dende ambas vilas se levarán a cabo diferentes actividades culturais, deportivas e sociais para involucrar aos veciños e veciñas nesta iniciativa.

O sábado día 5 comezou a primeira delas que foi facer, tanto os veciños da Guarda coma os de Caminha, o Camiño de Santiago de forma conxunta. Así máis de 100 persoas camiñaron esta primeira etapa que separa Áncora en Caminha, de Mougás en Oia.

“O obxectivo é que a cidadanía participe neste proceso e tamén afiance a súa identidade”, comentou Jordi Trasserras..

A Eurocidade Tui-Valena congregou neste mes a máis de 1.600 ciclistas na V Eurocidade BTT e na Transgalaica Tui

Ao longo do ano celébranse cinco probas de bicicleta de montaña e unha de bicicleta de estrada

Seis probas de ciclismo teñen lugar ao longo do ano na Eurocidade Tui-Valena. Cinco delas son de bicicleta de montaña e unha de bicicleta de estrada. As excelentes condicións que presenta a Eurocidade para a práctica da BTT con lugares tan singulares coma o Parque Natural do Monte Aloia ou o Monte Faro, así coma a Fortaleza de Valena ou o Conxunto Histórico de Tui, xunto á boa organización dos clubs locais, e a colaboración de centos de voluntarios, marcan en destacado estas actividades na axenda dos afeccionados ás dúas rodas.

Neste mes de marzo celebráronse as dúas primeiras probas que sumaron 1.600 participantes. Así, o domingo día 6 tivo lugar a V Eurocidade BTT, organizada pola Peña Ciclista Biciosos. Congregou a 1.200 ciclistas de Galicia e Portugal nunha proba non competitiva polo municipio de Valena e Tui, a vella Ponte Internacional, os montes de Malvas, Pexegueiro, Tetón, Aloia e Faro, e coas famosas trialeiras da marcha biciosa. Éxito de participación nesta quinta edición e éxito organizativo, xa que, a pesar das dificultades de contro-

lar a máis de 1.000 ciclistas, os 200 voluntarios da Peña Ciclista Biciosos Rías Baixas, dos Bombeiros Voluntarios de Valena, Cruz Vermella de Valena, Protección Civil de Valena, Cruz Vermella de Vigo, GNR, Policía Local de Tui, e clubs locais, aseguraron cada un dos cruces por onde pasaron os dous percorridos da proba, de 45 e 69 quilómetros. A saída e a meta estivo na piscina de Valena.

A Eurocidade Tui-Valena felicita a todos os integrantes da Peña Ciclista Biciosos Rías Baixas, pola magnífica organización desta quinta edición da Eurocidade BTT. Tamén agradece a colaboración dos patrocinadores principais Coca Cola, Eurobanan, Maribérica e SportPasión, así como a LusoPrint, VerdeAzul, BiciTui, BikeOcasión, M Bikes, Tramo Libre, Atlas Copco, HobbyBike, DeporBici, BiciOcon, Albergue Villa San Clemente, Hotel Alfonso I, Parque Natural do Monte Aloia, Comunidades de Montes e Entidades Locais Menores por onde pasou o percorrido, e aos voluntarios dos clubs tudenses e valencianos.

O domingo 13 de marzo, foron case 400 os ciclistas que se deron cita na segunda



proba da Transgalaica, baixo a organización do Club Ciclista de la Fuente e Team Relay. Un minuto de silencio en homenaxe aos ciclistas atropelados o sábado na Guarda, marcou a saída na que os participantes completaron dúas voltas ao circuíto establecido polo Parque Natural do Monte Aloia.

Os participantes puideron disfrutar de pleno o contacto coa natureza, xa que a saída e a meta estaban na zona da Macoca, onde fixeron uso das instalacións deportivas e de lecer que hai no lugar. Neste caso si houbo competición. A vitoria foi para Brandán Márquez do Galicia Enbici-Scott, seguido do asturiano Manuel Carrelo e do

líder do circuíto, Javier Busto. Mentres na categoría feminina claro dominio de Lara Lois do C.C.O Grove seguida por Isabel Pi-coaga e Ana María González.

A Eurocidade volverá ser punto de encontro para os amantes da bicicleta coa Big Ride Eurocidade que se celebrará o 21 e 22 de maio, xunto coa segunda proba do Open de España de Enduro baixo a organización de Sherpa Project. Xa no mes de setembro disputarase o segundo circuíto 12 horas BTT organizado por MTB Aloia e en setembro o Mini BTT Concello de Tui. A estas probas de bicicleta de montaña sumárase en xuño unha competición de bicicleta de estrada.

Presentación do libro-cd A voz do vento, homenaxe da Mesa a Manuel María

Pon música a poemas de Manuel María da man de Fran Amil e a tribo incomprensíbel e está ilustrado por Jano

A Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei, acolleu a primeira presentación pública do libro-cd A voz do vento, editado pola Mesa pola Normalización Lingüística, con poemas de Manuel María, música de Fran Amil e a tribo incomprensíbel e ilustracións de Jano

O acto contou coa actuación musical de Fran Amil, e nel entrevistou o secretario da Fundación Manuel María Alberte Ansedo, o presidente da Mesa Marcos Maceira e Jano, ilustrador do libro.

O libro componse de 11 temas extraídos dos libros: Terra Chá, Proba documental, Al-draxe contra a xistra, Cantos rodados para alleados e colonizados, Versos do lume e o vagalume, A luz resucitada, As lúcidas lúas do outono e Sonetos á casa de Hortas.

A tribo incomprensíbel está composta por Aarón Bouzón, Álex Bardanca, Fran Amil, Paco Cerdeira e Ricardo Casás.

Neste libro-CD colaboraron coas súas

voces Jasper, Paula Romero, Antón Díaz, Xurxo Souto, Belén Tajés, O Leo, M. J. Pérez e Xosé Antón Bocixa.

Segundo sinalou o autor das músicas, Fran Amil, o libro-cd “é unha escolma de

Arroupa as reflexións do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2016 a través do rock, do blues, do pop e outros estilos contemporáneos

All Stars do país” e “unha especie de catálogo de historia pre-pos-bravú”.

A voz do vento, libro-cd editado pola Mesa pola Normalización Lingüística en homenaxe a quen “foi un escritor absolutamente comprometido con Galiza e co seu idioma, tamén a través da Mesa pola Normalización Lingüística” segundo sina-



lou o seu presidente Marcos Maceira, “ponse música a poemas que van do intimo ao compromiso a través de diversos estilos contemporáneos que pretenden chegar a todos os públicos mais dun xeito especial ao público xuvenil”.

BTL Palco Promocional da Eurocidade Valença Tui

A Eurocidade Valença Tui apresentou a oferta turística das dúas cidades na B.T.L., entre 2 e 6 de marzo. Uma aposta na atracción de novos turistas junto dos grandes operadores nacionais e internacionais.

Material promocional da Eurocidade, nomeadamente da Fortaleza de Valença, da Ecopista do Rio Minho, dos Caminhos de Santiago, da Catedral de Tui, a oferta gastronómica e desportiva foi distribuído na B.T.L. junto dos varios operadores turísticos presentes neste certame.

Este ano a Eurocidade já esteve presente na F.I.T.U.R. – Feira de Turismo de Madrid, uma das maiores feiras do mundo e no Xantar – 16º Salón Internacional de Turismo Gastronómico, a grande feira ibérica deste setor turístico.

A B.T.L. é a maior feira de turismo em Portugal com grande projeção internacional, nomeadamente nos mercados europeus e da América do Sul.

Festival de Vilar de Mouros 2016 em risco

Aquele que é considerado o mais mítico entre todos os festivais de música do país, o Festival de Vilar de Mouros, corre risco da edição de 2016 ficar sem efeito. A razão foi anunciada por Luís Montês, director da empresa ‘Música no Coração’ ao afirmar que « está dependente de patrocínios». Este director foi ainda mais longe nas suas afirmações e salientou que « se conseguirmos garantir patrocínios, realizaremos o festival. Caso contrário não avançamos. O festival poderá acontecer à mesma, se a Câmara Municipal assumir a organização».

Até ao fecho desta edição não conseguimos apurar quais as consequências com esta provável não realização do Festival de Vilar de Mouros. Segundo sabemos foi as-

sinado no ano passado um protocolo com o objectivo da realização deste evento. No entanto, contactado pela LUSA, Miguel Alves recusou-se a prestar declarações.

Consequências para a Música no Coração? Ou para a Câmara Municipal de Caminha?

O certo é que a autarquia caminhense já tinha adiantado a organização do Festival para este ano por um consórcio liderado pela promotora Música no Coração, e que incluía ainda as empresas Probability Makers e Metropolitana. Mais: o município caminhense chegou mesmo a adiantar a data do festival para 25, 26 e 27 de Agosto.

Agora sabemos que tal pode estar em risco, e somente resta esperar pelo final

deste mês para a total confirmação ou não, pois Luís Montês também adiantou que a promotora « continua a procurar patrocinadores, e que está a aguardar até ao final do mês respostas a algumas propostas».

Recordemos que já no ano de 2007, e a um mês da sua realização, o Festival de Vilar de Mouros foi cancelado por dificuldades de entendimento entre os vários parceiros envolvidos na organização e foi retomado em 2014, a cargo da Associação dos Amigos dos Autistas (AMA). Esta instituição de solidariedade também, avançou com o retomar do evento em 2015 e tal não se verificaria por ter sido cancelado pela Câmara Municipal de Caminha. Na altura, a justificação dada por Miguel

Alves, presidente do município caminhense foi de « impreparação e incapacidade” da organização, a cargo da AMA, de acordo com o protocolo assinado.

A verdade é que todos estes rocambolescos episódios não fazem jus ao grande «pai» do Festival de Vilar de Mouros, dr. António Barge, o impulsionador e criador do mítico Festival por onde passou, entre outros, Elton John, U2 e Manfred Man.



EMILIO seguros

DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc.

telf. información: 609 544 351

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Tlf. e Fax: 986 61 43 12
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA
Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Os concellos do Condado e A Paradanta inician o proceso de creación dun xeodestino turístico propio

O acordo acadado entre os alcaldes de 10 concellos diferentes deberá ser aprobado polas respectivas corporacións locais

As comarcas do Condado e A Paradanta poderían ter un xeodestino propio no curto prazo. Este é o desexo dos alcaldes de 10 concellos diferentes, que acordaron nunha reunión mantida a pasada semana no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas iniciar os trámites que permitan situar a ámbalas dúas comarcas como enclave turístico de referencia, pasando a ser o décimo quinto xeodestino de Galicia.

O encontro valeu para que os respectivos rexedores municipais determinaran dous obxectivos principais na construción do novo xeodestino: facer participar dos beneficios do turismo á maior parte posible da poboación local de maneira que esta teña un papel activo na mellora do atractivo turístico da zona; e lograr que o aproveitamento turístico actúe como acicate nas diversas administracións e na sociedade civil, dedicando recursos que permitan poñer en valor o patrimonio histórico e biolóxico, impulsando un turismo sustentable.

Aprobación nos plenos municipais

O primeiro paso para poñer en marcha proxecto será conseguir a aprobación do mesmo por parte das corporacións locais de Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz-Balneario, Mondariz, As Neves, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

Motor de arranque

No caso de contar co respaldo das di-



ferentes corporacións, o proxecto xa ten previsto a elaboración dun Plan de Desenvolvemento Turístico onde se recollerá o inventario de recursos turísticos do Xeodestino e se determinará a capacidade de carga do medio, así como as medidas máis adecuadas a aplicar para o desenvolvemento do sector. Coa información recadada, levarase a cabo o desenvolvemento dun Plan de Dinamización Turística para

os municipios que integran o potencial Xeodestino Terras do Condado – A Paradanta.

Xeodestino

A Xunta de Galicia entende por xeodestino “as áreas limítrofes que comparten homoxeneidade territorial baseadas nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa po-

boación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular”.

Galicia conta, na actualidade, con 14 xeodestinos turísticos: Rías Altas; Rías Baixas; Costa da Morte, Terras de Santiago; Mariña Lucense; Lugo e a Terra Chá; Ancares-Courel; Ribeira Sacra; O Ribeiro; Terras de Ourense e Allariz; Celanova-Limia; Verín-Viana; Manzaneda-Tevinca; e Deza-Tabeirós.

Dende 1905 traballamos pola educación en Ponteareas

La Inmaculada

COLEXIO PLURILINGÜE

R/ Amado Garra, 2 - Tlf. 986 640 065
www.colexioinmaculada.com